# III Plan Municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

2024 - 2028



Deputación Pontevedra

Concello As Neves

*Edita:* **Concello de As Neves**

*Coordina e elabora:*

RED TALENTO CONSULTORAS

*Contidos:* Red Talento Consultoras
*Deseño e maquetación:* radiomagenta. & Ylla para Red Talento

# GUION

PRESENTACIÓN ALCALDE

PRESENTACIÓN CONCELLEIRA DE IGUALDADE.

PRINCIPIOS DO PLAN.

INFORME DIAGNÓSTICO.

MARCO NORMATIVO.

OBXECTIVOS DO PLAN.

VIXENCIA.

METODOLOXÍA E CONTIDO.

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.

MEDIDAS DO PLAN DE IGUALDADE.

COORDINACIÓN,SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE.

GLOSARIO

# SAÚDO DO ALCALDE

Como alcalde de As Neves, comprometinme a aprobar o III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2024/2028. Un documento que xa tendes nas vosas mans e que é o resultado dun traballo colectivo e compartido polas distintas Concellarías, as veciñas e veciños e os distintos colectivos sociais, veciñais e culturais.

Este é un Plan no que se instrumentalizan as ferramentas precisas para levar a cabo políticas que aseguren que as mulleres e os homes de As Neves teñan as mesmas oportunidades para a consecución dunha igualdade real e efectiva como principio constitucional. Este documento permitirá implantar gradualmente diversas medidas, medibles e avaliables, durante os catro anos de vixencia deste Plan e que farán de As Neves un Concello máis igualitario, moderno, xusto, participativo e libre.

Como municipalista comprometido, teño claro que a política local, como administración máis próxima á cidadanía, debe liderar e implantar medidas que contribúan a acadar a igualdade pero tamén a desterrar as actitudes e comportamentos machistas e discriminatorios.

Non teñades dúbida que non escatimarei tempo, esforzo e traballo duro para que os obxectivos plasmados no III Plan de Igualdade sexan unha realidade. Nesta senda nos atoparemos todos e todas.



**José Manuel Alfonso.**

Alcalde de As Neves

# SAÚDO DA CONCELLEIRA

Como Concelleira de Igualdade e Muller, asumín a tarefa de aprobar o III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes cun marcado carácter participativo. Así, este Plan partiu dunha enquisa anónima e aberta á cidadanía que nos permitiu coñecer de primeira man as súas opinións e valoracións.

Así pois, comprométome a aplicar todos e cada un dos obxectivos do Plan co convencemento pleno do traballo constante para acadar a tan desexada igualdade real e efectiva, en toda a sociedade, nomeadamente entre a nosa veciñanza.

Esta ferramenta serviranos de guía durante os próximos catro anos para implantar diferentes cambios nas áreas de actuación municipais, garantindo a transversalidade e as accións concretas e positivas que elimine as discriminacións e as desigualdade das mulleres e aposte por políticas integrais con impacto na vida económica, política, social e cultural

Estou convencida de que este Plan contribuirá a facer de As Neves un Concello máis xusto e mais igualitario. Conto con vos!



**Susana Gil Jorge**

*Concelleira de Igualdade e Muller*

# PRINCIPIOS DO III PLAN MUNICIPAL

- Principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas públicas como compromiso coa efectividade do dereito constitucional desenvolvido a través da Lei Orgánica 3/2007 de Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes e do Decreto Lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba un texto refundido das disposicións legais de Galicia en materia de igualdade.
- O feminismo como movemento global inspirador do III Plan e avance cara a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.
- A transversalidade como estratexia para garantir a presenza da igualdade en toda a política municipal.
- As accións positivas, como ferramentas correctoras das fendas de xénero, incluída a paridade como principio legal para garantir a participación e representación equilibrada de mulleres e homes.
- O reequilibrio territorial como factor vertebrador de cohesión.
- A participación como un dereito de cidadanía.
- O liderazgo político, social e cultural.
- A coordinación e cooperación institucional e administrativa para o impulso das medidas do Plan.
- As situacións de discriminación múltiple como factores de vulnerabilidade: a idade, a situación socioeconómica, a orixe, a etnia, a orientación sexual ou a discapacidade, entre outras.
- A Axenda 2030, Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de ONU, como folla de ruta para garantir un desenvolvemento sostible, xusto e igualitario.

# INFORME DIAGNÓSTICO DE IGUALDADE, RADIOGRAFÍA EN AS NEVES

## CONTEXTO SOCIODEMOGRÁFICO

As Neves é un Concello da provincia de Pontevedra cunha poboación de 3.746 habitantes dos que 1.902 son mulleres e 1.844 homes. (IGE. Padrón 2022). As mulleres por tanto supoñen case o 51% da poboación local. Forma parte da Comarca do Condado e conta con 13 parroquias:

- San Pedro de Batalláns.
- Cerdeira.
- As Neves.
- Liñares.
- Santiago de Ribarteme.
- Rubiós.
- San Xosé de Ribarteme.
- Santa Eulalia de Batalláns.
- San Cibrán de Ribarteme.
- Setados.
- Taboexa.
- Tortoreos.
- Vide.




*Gráfica 1.*




Foro Ciudad

Do cuestionario elaborado para obter a opinión da cidadanía obtivéronse 53 respostas válidas , que supón o 1,5% da poboación total do Concello.

A ampla maioría das persoas que responderon ao cuestionario foron mulleres, 77,4%. Esta cifra equivale ao 2,2% da poboación feminina residente en As Neves.




*Gráfica 2.*

## O CONCELLO DE AS NEVES

A Corporación Municipal está composta dende os comicios celebrados o 28 de maio de 2023 por 11 persoas concelleiras de 4 partidos políticos.

Hai un total de 4 mulleres concelleiras, un 37% do total de membros da corporación, por tanto, en conxunto a presenza de mulleres está por debaixo do 40%. Pero no que atinxe ao grupo de goberno compre mencionar a composición paritaria, 50%-50%.

Hai una Concellería de Muller e Igualdade que ten ao fronte a unha muller.

## IDADE DA POBOACIÓN

A media de idade da poboación en As Neves é de 50,34 anos. Esta media é 1,37 máis que fai 5 anos, que era de 48,5 anos.

No que atinxe ao cuestionario destaca o feito de que a franxa de idade máis participativa no cuestionario foi a coñecida como *Xeración X (1969-1980)*, especialmente as mulleres.

O saldo vexetativo do ano 2021, último con datos oficiais no IGE, é de -49, con 71 defuncións e 22 nacementos no Concello. A taxa bruta de mortalidade case triplica a de natalidade. Mentres a taxa bruta de natalidade en 2021 foi de 5,34 e de mortalidade situouse en 14,67.

A poboación menor de 16 anos de As Neves é de 375 persoas, 201 homes e 174 mulleres que supón un 46%. A poboación situada entre 16 a 64 anos é de 2.232, 1.169 homes e 1.063 mulleres, cerca dun 48%. Ao analizar a poboación de 65 e mais anos apréciase como das 1.139 persoas do Concello nesta franxa de idade, 474 son homes e 665 mulleres, un 58%. Apréciase así como a poboación maior de 65 anos está feminizada ao tempo que se ve unha lixeira masculinización da poboación máis nova.

Segundo datos do CERA, (Censo Electoral de residentes no estranxeiro a 1 de xuño de 2022), hai 1.383 persoas con municipio de orixe en As Neves, maiores de 18 anos, de nacionalidade española e con residencia habitual no estranxeiro ou que trasladaron ao estranxeiro a súa residencia habitual.

Respecto á poboación que participou no cuestionario, salienta o baixo número de respostas de persoas menores de 28 anos (so un 17% do total). A franxa de idade máis participativa é a que se atopa entre os 42 e os 53 anos (Xeración X). Nesta franxa están a maior parte das mulleres, un 40%.

| IDADE | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Baby Boom 1949-1968 | 8,3% | 20,0% | 17,31% |
| Xeración X 1969-1980 | 25,0% | 40,0% | 36,54% |
| Xeración Y 1981-1993 *Millenials* | 41,7% | 25,0% | 28,85% |
| Xeración Z 1994-2010 | 25,0% | 15,0% | 17,31% |
| TOTAL | **12** | **40** | **52** |

*Táboa 3*

| IDADE | HOME | MULLER |
|---|---|---|
| Baby Boom 1949-1968 | 11,1% | 88,9% |
| Xeración X 1969-1980 | 15,8% | 84,2% |
| Xeración Y 1981-1993 *Millenials* | 33,3% | 66,7% |
| Xeración Z 1994-2010 | 33,3% | 66,7% |
| TOTAL | **23,1%** | **76,9%** |

*Táboa 4*

| IDADE | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Baby Boom 1949-1968 | 1 | 8 | 9 |
| Xeración X 1969-1980 | 3 | 16 | 19 |
| Xeración Y 1981-1993 *Millenials* | 5 | 10 | 15 |
| Xeración Z 1994-2010 | 3 | 6 | 9 |
| TOTAL | 12 | 40 | 52 |

*Táboa 5*




Gráfica 3.

## MOVEMENTOS DA POBOACIÓN E ORIXE

Segundo datos do INE de 2022, o 68,21% (2.555) dos e das habitantes de As Neves naceron no municipio.

Así, salienta o feito de que, mentres un 25% da poboación emigrou dende outros lugares de España, o 18% o fixo dende distintos municipios da provincia de Pontevedra.

Preto dun 2% chegou ao Concello de As Neves dende outras provincias de Galicia e o 5% o fixo dende outras comunidades autónomas.

Un 6,5% da poboación ten orixe migrante que chegou a As Neves dende outros países. A maioría naceron en Portugal pero destaca a orixe de persoas chegadas dende Francia, Brasil ou Venezuela.

Esta poboación de orixe estranxeiro é fundamentalmente masculina. Así, dun total de 80 persoas chegadas doutros países, 36 son mulleres, un 45%. Desta poboación destaca que menos do 4% se sitúa por debaixo dos 16 anos.

**Gráfica por sexo e pais de orixe en As Neves 2022. INE.**




Gráfica 4.

# ESTADO CIVIL DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO CUESTIONARIO

Case o 33% das persoas participantes no cuestionario están casadas. O 100% das persoas viúvas e o 88% das persoas casadas son mulleres. Os homes son maioría entre as persoas solteiras que responderon o cuestionario.

| ESTADO CIVIL, SITUACIÓN DE CONVIVENCIA | HOME | MULLER |
|---|---|---|
| Casado/a | 11,8% | 88,2% |
| Convivo en parella | 22,2% | 77,8% |
| Divorciado/a ou separado/a | 14,3% | 85,7% |
| Solteiro/a | 40,0% | 60,0% |
| Viúvo/a | 0,0% | 100,0% |
| **Outra** | 33,3% | 66,7% |
| **TOTAL** | **23,1%** | **76,9%** |

*Táboa 6*

| ESTADO CIVIL, SITUACIÓN DE CONVIVENCIA | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Casado/a | 16,7% | 37,5% | 32,69% |
| Convivo en parella | 16,7% | 17,5% | 17,31% |
| Divorciado/a ou separado/a | 8,3% | 15,0% | 13,46% |
| Solteiro/a | 50,0% | 22,5% | 28,85% |
| Viúvo/a | | 2,5% | 1,92% |
| Outra | 8,3% | 5,0% | 5,77% |
| **TOTAL** | **12** | **40** | **52** |

*Táboa 7*




Gráfica 5.

## N.º DE FILLOS E FILLAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Un 43% das persoas participantes no cuestionario declara non ter fillos/as. Ao analizar por sexo o número de fillos/as das persoas participantes vese como hai unha porcentaxe máis elevada de mulleres que de homes, cun 56% e un 44% respectivamente.

| TES FILLOS/AS | HOME | MULLER |
|---|---|---|
| 1 fillo/a | 0,0% | 100,0% |
| 2 fillos/as | 15,4% | 84,6% |
| 3 fillos/as | 50,0% | 50,0% |
| Non teño fillos/as | 39,1% | 60,9% |
| **TOTAL** | **22,6%** | **77,4%** |

*Táboa 8*




Gráfica 6.

Mentres o 75% de homes que responderon ao cuestionario non teñen fillos/as, o 36% de mulleres declara ter un único fillo/a.

Segundo datos do INE, a idade media de maternidade en As Neves sitúase en 32,45 anos, 1 punto máis más baixa que a media da provincia de Pontevedra, que é de 33,46. A nivel estatal, con datos de 2021, hai que sinalar que a idade media para ter o primeiro/a fillo/a medrou de 31,54 a 32,61 anos en só un ano. Estase ante o rexistro mais alto da serie histórica.

O número medio de fillos/as por muller sitúase en 1,15

## NIVEL DE ESTUDOS

No que respecta ao nivel de estudos das persoas que participaron, predominan aquelas con estudos universitarios ou de FP, tanto en homes como en mulleres. Dun total de 53 persoas, 18 (12 mulleres e 6 homes) contan con estudos universitarios, un 34% O 50% dos homes participantes son universitarios fronte a o 30% de mulleres.

Por outro lado, tamén o 34% das persoas participantes teñen estudos de FP (14 mulleres e 4 homes).

A totalidade das persoas participantes sen estudios ou con estudios primarios son mulleres. Este dato non se corresponde coa situación galega e estatal que amosa porcentaxes de 2021 de mulleres graduadas en educación superior entorno a un 54,2% mentres se sitúa nun 45,8% de homes.

Nos países da UE, a porcentaxe de mulleres graduadas é superior á dos homes, excepto en Alemania e Grecia. Os campos de saúde e benestar son os campos de estudo en España con maior porcentaxe de mulleres que se gradúan en educación superior respecto ao total. O menor corresponde a agricultura, silvicultura, pesca e veterinaria.

| ESTUDOS | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Universitarios | 50% | 29,3% | 33,96% |
| FP | 33,3% | 34,1% | 33,96% |
| Estudos Secundarios | 16,7% | 14,6% | 15,09% |
| Graduado Escolar | 0% | 19,5% | 15,09% |
| Sen estudos | 0% | 2,4% | 1,89% |
| **TOTAL** | **12** | **41** | **53** |

*Táboa 10*

| ESTUDOS | HOME | MULLER |
|---|---|---|
| Universitarios | **33,3%** | **66,7%** |
| FP | **22,2%** | **77,8%** |
| Estudos Secundarios | **25%** | **75,0%** |
| Graduado Escolar | | **100%** |
| Sen estudos | | **100%** |
| **TOTAL** | **22,6%** | **77,4%** |

*Táboa 11*

| ESTUDOS | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Universitarios | 6 | 12 | 18 |
| FP | 4 | 14 | 18 |
| Estudos Secundarios | 2 | 6 | 8 |
| Graduado Escolar | | 8 | 8 |
| Sen estudos | | 1 | 1 |
| **TOTAL** | **12** | **41** | **53** |

*Táboa 12*




*Gráfica 7.*




*Gráfica 8*

**DATOS ECONÓMICOS, CONDICIÓNS DE VIDA, SECTORES ESTRATÉXICOS E EMPREGO**

En 2019, o Concello de As Neves situábase como o municipio nº163 de Galicia con maior renda bruta media.

Os datos do INE de 2021 respecto á Renda Media por persoa, sitúase en 10.276€ e a Renda Media por fogar en 25.216€.




*Gráfica 9*

Respecto ás cifras de desemprego hai que sinalar que había 299 persoas paradas (INE 2022). Destas, 131 eran homes e 169 mulleres, case un 57%.

Este dato amosa a feminización do desemprego na localidade.




*Gráfica 10*

En canto ás idades das persoas desempregadas, das 299, 12 teñen menos de 25 anos (7 homes e 5 mulleres) un 4%.

Respecto aos sectores de actividade dos que proceden as persoas paradas en As Neves, destaca por enriba de todos o sector servizos.

Por outra banda, é importante o dato que apunta que o 100% das persoas paradas que traballaban antes na construción son todas homes.




Gráfica 11.

A maioría do tecido empresarial de As Neves está composto por persoas físicas, seguido de sociedades de responsabilidade limitada (30%).

Segundo datos do IGE hai actualmente 208 empresas das que:

- 25 son de tipo industrial.
- 36 de construción.
- 147 de servizos.




*Gráfica 12.*

Como se observa na gráfica, hai un forte peso do sector servizos, moi feminizado e o que conta con más afiliacións.




*Gráfica 13.*

Actualmente en As Neves, hai 1.045 persoas traballando e 1.441 persoas xubiladas. O dato mostra que xa hai mais pensionistas que cotizantes, cuestión directamente relacionada coa situación demográfica, especialmente no interior de Galicia.

Do total de persoas paradas, 620 traballaron antes e 138 buscan neste momento o seu primeiro emprego. Un total de 441 persoas se atopan noutras situacións.

Hai 1040 pensionistas que cobran de media 907,49€ (IGE, 2022). Este indicador mostra unha gran fenda de xénero. Así, mentres que en As Neves hai máis mulleres que homes pensionistas, 527 fronte a 513, o importe medio das pensións dos homes é notablemente mais alto. Por 1.064,30€ de importe medio das pensións nos homes este mesmo importe nas mulleres é de 754,84€. Máis de 300€ de diferencia.

Volvendo aos datos do cuestionario hai que indicar que o 61% das persoas que responderon están traballando: o 75% de homes e o 57% de mulleres.

O 100% das persoas que declaran ser amas de casa, xubiladas ou que están en búsqueda de emprego son mulleres. Mentres un 20% declaran estar buscando emprego ningún home declara estar nesta situación, tampouco ningún se declara pensionista.

O 16% dos homes responderon que estudan e traballan ao mesmo tempo, fronte a un 5% de mulleres, porcentaxe notablemente máis baixo.

| SITUACIÓN LABORAL ACTUAL | HOME | MULLER |
|---|---|---|
| Amo/a de casa | 0,0% | 100,0% |
| Busco Emprego | 0,0% | 100,0% |
| Estudo | 25,0% | 75,0% |
| Estudo e traballo | 50,0% | 50,0% |
| Pensionista - xubilado/a | 0,0% | 100,0% |
| Traballo | 28,1% | 71,9% |
| TOTAL | **23,1%** | **76,9%** |

*Táboa 13*

| SITUACIÓN LABORAL ACTUAL | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Amo/a de casa | 0,0% | 7,5% | 5,77% |
| Busco Emprego | 0,0% | 20,0% | 15,38% |
| Estudo | 8,3% | 7,5% | 7,69% |
| Estudo e traballo | 16,7% | 5,0% | 7,69% |
| Pensionista - xubilado/a | 0,0% | 2,5% | 1,92% |
| Traballo | 75,0% | 57,5% | 61,54% |

*Táboa 14*




*Gráfica 14.*

| EN CASO DE TRABALLAR, ESPECIFICA | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Por conta allea na administración pública | 8,3% | 23,1% | 18,42% |
| Por conta allea nunha empresa privada | 83,3% | 53,8% | 63,16% |
| Por conta propia | 8,3% | 23,1% | 18,42% |
| TOTAL | **12** | **26** | **38** |

| EN CASO DE TRABALLAR, ESPECIFICA | HOME | MULLER |
|---|---|---|
| Por conta allea na administración pública | 14,3% | 85,7% |
| Por conta allea nunha empresa privada | 41,7% | 58,3% |
| Por conta propia | 14,3% | 85,7% |
| **TOTAL** | **31,6%** | **68,4%** |

*Táboa 15.*

O 18% das persoas que responderon ao cuestionario e que declaran estar traballando, fano en distintas administracións públicas, sendo maioría mulleres un 85% do total de persoas que traballan no sector público e un 23% das mulleres que traballan. Este é un sector claramente feminizado en España e en Galicia.




*Gráfica 15.*

Respecto ao sector laboral das persoas participantes, un 80%, a inmensa maioría, traballa no sector servizos, dato que coincide coa realidade do Concello, cun forte peso deste sector.

| EN QUE SECTOR TRABALLAN | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Sector primario: explotacións agrícolas e gandeiras, sector do viño, madeira, flores... | 9,1% | 6,9% | 7,50% |
| Sector secundario: industria, construción, alimentación. | 9,1% | 13,8% | 12,50% |
| Sector terciario: banca, administración, turismo, transporte, tecnoloxía, atención a maiores, hostalaría, dependente/a nun comercio etc. | 81,8% | 79,3% | 80,00% |

*Táboa 16*

| EN QUE SECTOR TRABALLAN | HOME | MULLER |
|---|---|---|
| Sector primario: explotacións agrícolas e gandeiras, sector do viño, madeira, flores... | 33,3% | 66,7% |
| Sector secundario: industria, construción, alimentación... | 20,0% | 80,0% |
| Sector terciario: banca, administración, turismo, transporte, tecnoloxía, atención a maiores, hostalaría, dependente/a nun comercio etc. | 28,1% | 71,9% |
| **TOTAL** | **27,5%** | **72,5%** |

*Táboa 17.*




*Gráfica 16.*

Hai que destacar que As Neves conta cunha *Asociación de Comerciantes e Empresarios ACEAN,* de carácter socioeconómico e forma parte da PLISAN.

Por outro lado, en As Neves, ademais dos obradoiros de emprego, organízanse Talleres de Búsqueda de Emprego, impulsados polo Concello e pola Asociación Mulleres Rurais.

## PERCEPCIÓNS SOBRE A DESIGUALDADE ESTRUCTURAL DAS MULLERES.

**Dependencia económica:**

Ao cuestionario incorporáronse unha serie de preguntas co fin de obter unha radiografía mais axustada respecto da percepción sobre desigualdade e discriminación das mulleres entre a poboación do Concello. Os datos ofreceron respostas respecto da dependencia económica, indicador relevante á hora de deseñar políticas públicas efectivas.

Un 57% de todas as persoas participantes declararon non sentirse dependentes economicamente de ninguén. Pero ao analizar os datos por sexo, a diferencia sitúase en 24 puntos. Un 51% de mulleres se declaran dependentes fronte a un 75% de homes.

Un 27% das persoas participantes declárase dependente da familia. Así mesmo, destaca o dato de que son mulleres o 100% das persoas que se declaran dependentes da súa parella ou ex parella.

| SÉNTESTE DEPENDENTE ECONÓMICAMENTE DE ALGUÉN? | HOME | MULLER |
|---|---|---|
| Non me sento dependente de ninguén | 31,0% | 69,0% |
| Síntome dependente da miña familia | 21,4% | 78,6% |
| Síntome dependente da miña parella ou ex-parella | 0,0% | 100,0% |
| Síntome dependente doutras persoas | 0,0% | 100,0% |
| TOTAL | **23,5%** | **76,5%** |

| SÉNTESTE DEPENDENTE ECONÓMICAMENTE DE ALGUÉN? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Non me sento dependente de ninguén | 75,0% | 51,3% | 56,86% |
| Síntome dependente da miña familia | 25,0% | 28,2% | 27,45% |
| Síntome dependente da miña parella ou ex-parella | | 17,9% | 13,73% |
| Síntome dependente doutras persoas | | 2,6% | 1,96% |

*Táboa 18*




*Gráfica 17.*

Sobre a opinión de si mulleres e homes teñen as mesmas oportunidades no acceso ao emprego o resultado arroxado pola cuestionario é contundente. Un 85% das mulleres opina que non teñen as mesmas oportunidades que os homes para acceder a un emprego. Hai que destacar a alta porcentaxe de homes que pensa o mesmo aínda que é notablemente máis baixa, un 58%.

| CRES QUE MULLERES E HOMES TEÑEN AS MESMAS OPORTUNIDADES PARA ACCEDER AO EMPREGO? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Non | 58,3% | 85,0% | 78,85% |
| Si | 41,7% | 15,0% | 21,15% |
| **TOTAL** | **12** | **40** | **52** |

*Táboa 19*




*Gráfica 18.*

O 31% das mulleres non teñen vehículo propio. Esta porcentaxe baixa a un 17% no caso dos homes. Non obstante, en ambos sexos son clara maioría as persoas que contan con vehículo propio.

| TES VEHÍCULO PROPIO? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Non | 16,7% | 31,7% | 28,30% |
| Si | 83,3% | 68,3% | 71,70% |
| **TOTAL** | **12** | **41** | **53** |

*Táboa 19*

Respecto ao uso do tempo e a conciliación das persoas que responderon ao cuestionario compre sinalar o feito de que o 60% das mulleres declaran que sempre ou case sempre son elas as que se encargan das tarefas domésticas. Ningún home dos participantes no cuestionario responde en positivo a esta cuestión.

| QUEN SE ENCARGA DAS TAREFAS DOMÉSTICAS DO FOGAR? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Sempre ou case sempre eu | 0 | 24 | 24 |
| Sempre ou case sempre a miña parella | 3 | 0 | 3 |
| Os dous por igual | 6 | 14 | 20 |
| Outra persoa remunerada | 0 | 2 | 2 |
| Outra persoa non remunerada | 2 | 0 | 2 |
| **TOTAL** | **11** | **40** | **51** |

*Táboa 20*

| QUEN SE ENCARGA DAS TAREFAS DOMÉSTICAS DO FOGAR? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Sempre ou case sempre eu | 0,0% | 60,0% | 47,06% |
| Sempre ou case sempre a miña parella | 27,3% | 0,0% | 5,88% |
| Os dous por igual | 54,5% | 35,0% | 39,22% |
| Outra persoa remunerada | 0,0% | 5,0% | 3,92% |
| Outra persoa non remunerada | 18,2% | 0,0% | 3,92% |
| **TOTAL** | **11** | **40** | **51** |

*Táboa 21*

Formulouse unha pregunta de resposta múltiple consistente en marcar os cinco obxectivos que cada persoa considera máis urxentes para promover a igualdade de mulleres e homes en As Neves.

O máis repetido é o de mellorar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, particularmente os horarios que ademais foi marcado polo 72% das mulleres.

Tamén responderon de xeito importante no que atinxe á mellorar o acceso ao emprego e ás condicións laborais das mulleres, cun 65%, un 50% no caso dos homes e un 70% no caso sas mulleres.

A sensibilización da sociedade para superar estereotipos e prexuízos machistas conta cunha porcentaxe de resposta dun 69% das que o 60% son mulleres.

Completando os obxectivos sinalados, un 61% sinala a necesidade de mellorar a atención a menores, persoas maiores e persoas con discapacidade. O 65% de persoas que sinalan este obxectivo son mulleres.

A maioría de homes apostan por visibilizar ás mulleres, un 60%, e por apoiar ao asociacionismo.




Gráfica 19.

| EN RELACIÓN CO NOVO PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL, SINALA OS CINCO OBXECTIVOS MÁIS URXENTES PARA PROMOVER A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES EN AS NEVES | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Sensibilizar á sociedade para superar estereotipos e prexuízos machistas | 58,3% | 60,0% | 59,62% |
| Mellorar o acceso ao emprego e as condicións laborais das mulleres | 50,0% | 70,0% | 65,38% |
| Mellorar as políticas dirixidas a mulleres vulnerables ou en risco de exclusión | 58,3% | 45,0% | 48,08% |
| Visibilizar ás mulleres | 41,7% | 30,0% | 32,69% |
| Valorizar o traballo non remunerado das mulleres | 50,0% | 62,5% | 59,62% |
| Mellorar as medidas de conciliación e horarios | 50,0% | 72,5% | 67,31% |
| Mellorar a atención a persoas dependentes: menores, maiores, persoas con discapacidade... | 50,0% | 65,0% | 61,54% |
| Mellorar a atención e prevención da VX. | 41,7% | 47,5% | 46,15% |
| Implicar aos homes | 25,0% | 35,0% | 32,69% |
| Apoiar o asociacionismo de mulleres | 33,3% | 27,5% | 28,85% |
| Mellorar os servizos de atención municipais | 50,0% | 45,0% | 46,15% |
| Incorporar a perspectiva de xénero á política local | 58,3% | 37,5% | 42,31% |
| Outras | 8,3% | 12,5% | 11,54% |
| **TOTAL** | **12** | **40** | **52** |
| **TOTAL OBXECTIVOS** | **69** | **244** | **313** |

| EN RELACIÓN CO NOVO PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL, SINALA OS CINCO OBXECTIVOS MÁIS URXENTES PARA PROMOVER A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES EN AS NEVES | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Sensibilizar á sociedade para superar estereotipos e prexuízos machistas | 7 | 24 | 31 |
| Mellorar o acceso ao emprego e as condicións laborais das mulleres | 6 | 28 | 34 |
| Mellorar as políticas dirixidas a mulleres vulnerables ou en risco de exclusión | 7 | 18 | 25 |
| Visibilizar ás mulleres | 5 | 12 | 17 |
| Valorizar o traballo non remunerado das mulleres | 6 | 25 | 31 |
| Mellorar as medidas de conciliación e os horarios | 6 | 29 | 35 |
| Mellorar a atención a persoas dependentes: menores, maiores, persoas con discapacidade... | 6 | 26 | 32 |
| Mellorar a atención e prevención da VX | 5 | 19 | 24 |
| Implicar aos homes | 3 | 14 | 17 |
| Apoiar o asociacionismo de mulleres | 4 | 11 | 15 |
| Mellorar os servizos de atención municipais | 6 | 18 | 24 |
| Incorporar a perspectiva de xénero a toda a política municipal | 7 | 15 | 22 |
| Outras | 1 | 5 | 6 |
| TOTAL | **12** | **40** | **52** |

*Táboa 22*

## PARTICIPACIÓN

A participación é unha potente ferramenta para impulsar o empoderamento das mulleres polo que debe fixarse como un obxectivo xeral de todas as políticas públicas de igualdade. De feito, a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións nos diferentes ámbitos económicos, políticos, culturais e sociais contribúe á igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

As Neves conta cun número relevante de asociacións e entidades rexistradas aínda que non todas desenvolven actualmente actividade.

Hai unha asociación, a Asociación de Mulleres de As Neves, integrada nas Mulleres Rurais, que desenvolve unha importante actividade a través de programas e accións diversas de igualdade, emprego ou benestar.

Destacan as 20 asociacións de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, a maioría presididas por homes, ao igual que as asociacións para xestión das augas, das que hai 1 en cada parroquia (datos da Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia).

Das de carácter cultural destaca a Agrupación Musical de Taboexa, a Banda de Música Popular de Rubiós e a Coral de Santa María. Hai unha Escola de Música Municipal.

Compre sinalar a existencia de asociacións. Tamén destaca, como xa se dixo, unha asociación de comerciantes e empresarios/as, ACEAN, integrada na PLISAN.

No que atinxe ao asociacionismo deportivo destacan, en fútbol, As Neves Fútbol Club, San Xoán de Rubiós, Veteranos de Rubiós e Veteranos Bar Praza. Todas de fútbol masculino.

Respecto a bádminton, hai un importante club mixto, o CB As Neves. En baloncesto, o CB Condado, en motocross o Circuíto de Taboexa e despois varios clubs con actividades deportivas diversas como o ACB Sanomedio e o Club Camelias. Non hai asociacións especificamente de deporte feminino.

Destaca a existencia dun Consello Climático Asesor Xuvenil das Neves, que se reúne cada mes no IES Pazo da Mercé.

Débese destacar o feito de que o Concello ven prestando asesoramento técnico ás asociacións xa constituídas así como ás que se atopan en proceso de constitución.

Hai unha convocatoria municipal de subvencións a asociacións para actividades culturais, deportivas, comerciais, sociais e extraescolares.

Ante a pregunta no cuestionario sobre as razóns polas que deixaron de participar en actividades municipais deportivas, culturais, de lecer ou formativas, o 60% das mulleres responde que non participou por dificultades cos horarios sendo, con moito, a principal razón das expostas. Esta porcentaxe nos homes baixa ata un 36%, que comparte posto con outras razóns como a información suficiente ou resultados que non lle resultan atractivos.

| DEIXACHES DE PARTICIPAR E DESFRUTAR DA OFERTA MUNICIPAL DEPORTIVA, CULTURAL, DE LECER OU DE FORMACIÓN POR ALGUNHA DESTAS RAZÓNS? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Dificultades nos horarios | 4 | 24 | 28 |
| Dificultades por coidado de fillos/as ou persoas dependentes | 2 | 10 | 12 |
| Salgo coa miña parella | 0 | 0 | 0 |
| Información insuficiente | 4 | 10 | 14 |
| Non me atraen os contidos | 4 | 5 | 9 |
| Non me interesan os contidos | 2 | 1 | 3 |
| Outras | 2 | 9 | 11 |
| **TOTAL** | **11** | **40** | **51** |
| **DEIXACHES DE PARTICIPAR E DESFRUTAR DA OFERTA MUNICIPAL DEPORTIVA, CULTURAL, DE LECER OU DE FORMACIÓN POR ALGUNHA DESTAS RAZÓNS?** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
| Dificultades nos horarios | 36,4% | 60,0% | 54,90% |
| Dificultades por coidado de fillos/as ou persoas dependentes | 18,2% | 25,0% | 23,53% |
| Salgo coa miña parella | 0,0% | 0,0% | 0,00% |
| Información insuficiente | 36,4% | 25,0% | 27,45% |
| Non me atraen os contidos | 36,4% | 12,5% | 17,65% |
| Non me interesan os contidos | 18,2% | 2,5% | 5,88% |
| Outras | 18,2% | 22,5% | 21,57% |
| **TOTAL** | **11** | **40** | **51** |

*Táboa 23*




*Gráfica 20.*

Sobre os obstáculos que atopan para acceder á toma de decisións, o 75% das mulleres asocian estes obstáculos directamente á falta de conciliación en idéntica porcentaxe que os asocian á existencia de estereotipos e roles sexistas.

Os homes alegan os mesmos motivos, aínda que en porcentaxes máis baixas, un 57,4% e un 32,8% respectivamente.

| POR QUE RAZÓN AS MULLERES ATOPAN MÁIS OBSTÁCULOS PARA ACCEDER Á TOMA DE DECISIÓNS NA VIDA POLÍTICA, SOCIAL, CULTURAL E ECONÓMICA? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Pola falta de conciliación real | 66,7% | 75,0% | 72,92% |
| Pola existencia de estereotipos e roles sexistas | 66,7% | 75,0% | 72,92% |
| Porque non están suficientemente formadas | 8,3% | 8,3% | 8,33% |
| Porque as persoas que deciden eses postos son sempre ou case sempre homes | 25,0% | 55,6% | 47,92% |
| Porque elas non queren | 0,0% | 0,0% | 0,00% |
| Por ningunha das anteriores | 8,3% | 0,0% | 2,08% |
| **TOTAL** | **12** | **36** | **48** |

*Táboa 24*

Como se observa, a falta de conciliación volve a aparecer como unha razón moi potente que determina os usos do tempo de todas as persoas, fundamentalmente das mulleres.

## POLITICAS DE IGUALDADE NO CONCELLO.

No Concello de As Neves hai Concellería de Igualdade feito que contribúe a visibilizar notablemente as políticas de igualdade.

Non hai Centro de Información á Muller sendo o CIM de referencia o de PonteÁREAs. Neste Centro, o persoal profesional e especializado, presta asistencia ás usuarias. Así, as vítimas de violencia de xénero dispoñen dun programa de atención e axuda periódica e con acceso aos pagos de indemnizacións, asesoramento e tramitacións de solicitude de altas/baixas e información do servizo de tele asistencia ATENPRO. A maiores disto, certifícanse tamén os acreditativos de condición de vítima de violencia de xénero para as xestións e procesos que o requiren.

En canto a outros servizos en materia de igualdade, destaca o Programa Xuntas dirixido especialmente a mulleres en situación de vulnerabilidade que se centrou na promoción da igualdade, a prevención da violencia de xénero e a inserción laboral das participantes. Este Programa da Xunta de Galicia é executado con Fondos Europeos, conxuntamente cos Concellos de Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño. O Programa ten unha duración de entre 3 e 2 meses ao ano.

Despois de dúas edicións compre sinalar que os resultados son positivos tanto no que atinxe aos obradoiros centrados no coidado da saúde física e mental das mulleres, a autoestima, o coñecemento dos dereitos e recursos, a sensibilización sobre a violencia de xénero ou a inserción laboral como no que ten que ver co servizo personalizado de asesoramento psicolóxico, xurídico e laboral. As mulleres recibiron unha atención integral.

Nas respostas ao cuestionario detéctase unha valoración media respecto ao esforzo que en materia de igualdade e contra a violencia de xénero realiza o Concello.

Así, a nota media é dun 5,89 que se incrementa no caso dos homes cunha valoración mais alta, de 6,10.

| **VALORA DE 0 A 10 O ESFORZO QUE EN MATERIA DE IGUALDADE E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO REALIZA O CONCELLO.** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|
| *Detractores 0-4* | 10,0% | 23,5% | *20,45%* |
| *Neutros 5-8* | 80,0% | 73,5% | *75,00%* |
| *Promotores 9-10* | 10,0% | 2,9% | *4,55%* |
| MEDIA | 6,10 | 5,68 | 5,89 |
| 0 | 0,0% | 8,8% | *6,82%* |
| 1 | 0,0% | 0,0% | *0,00%* |
| 2 | 0,0% | 0,0% | *0,00%* |
| 3 | 10,0% | 5,9% | *6,82%* |
| 4 | 0,0% | 8,8% | *6,82%* |
| 5 | 50,0% | 20,6% | *27,27%* |
| 6 | 0,0% | 8,8% | *6,82%* |
| 7 | 10,0% | 23,5% | *20,45%* |
| 8 | 20,0% | 20,6% | *20,45%* |
| 9 | 0,0% | 0,0% | *0,00%* |
| 10 | 10,0% | 2,9% | *4,55%* |
| **TOTAL** | **10** | **34** | **44** |
| | | | |

**VALORA DE 0-10 O ESFORZO EN IGUALDADE QUE REALIZA O CONCELLO.**




Gráfica 21.

| **COÑECES ALGUNHA POLÍTICA CONCRETA DE IGUALDADE QUE DESENVOLVE O CONCELLO?** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|
| **Non** | 91,7% | 90,0% | 90,38% |
| **Si** | 8,3% | 10,0% | 9,62% |
| **TOTAL** | **12** | **40** | **52** |

*Táboa 26*

O 90% dos e das participantes manifesta non coñecer ningunha política concreta de igualdade municipal. Só 5 persoas manifestaron ter coñecemento sobre estas políticas.

No cuestionario solicitouse ás persoas participantes que sinalaran cal é a política de igualdade que coñecen. Referenciaron dúas concretas, o Programa Xuntas e a asistencia xurídica.

Sobre a pregunta sobre a participación nas actuacións e actividades de igualdade desenvolvidas, a maioría das persoas declara non ter participado en ningunha actividade, o 56%.

Un 30% participaron en campañas de igualdade desenvolvidas en datas como o 8 de marzo ou 25 de novembro. Todas as persoas que responderon afirmativamente son mulleres.

O 39% das persoas que participaron responderon afirmativamente respecto a que si formaron parte de accións que se desenvolveron contra a violencia de xénero, un 50% dos homes e un 36% de mulleres.

| **EN QUE ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS POLO CONCELLO TES PARTICIPADO? Podes marcar tantas opcións como correspondan á túa situación** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|
| Accións de sensibilización contra a violencia machista | 50,0% | 36,8% | 39,13% |
| Usuaria dos servizos dirixidos a mulleres vítimas de violencia machista | 0,0% | 0,0% | 0,00% |
| Campañas de igualdade no 8M ou no 25N | 0,0% | 36,8% | 30,43% |
| Charlas e outras actividades de formación | 75,0% | 57,9% | 60,87% |
| Programa Xuntas | 0,0% | 31,6% | 26,09% |
| Outras | 50,0% | 21,1% | 26,09% |
| **TOTAL** | **4** | **19** | **23** |
| **TOTAL ACTUACIONS** | **7** | **35** | **42** |
| ***En ningunha*** | *66,7%* | *52,5%* | *55,8%* |

*Táboa 27*


EN QUE ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS POLO CONCELLO TES PARTICIPADO?
HOMES
MULLERES
TOTAL
80%
70%
60%
50%
40%
30%
20%
10%
0%
50,0%
36,8%
0,0%
0,0%
0,0%
36,8%
75,0%
57,9%
0,0%
31,6%
50,0%
21,1%
Accións de...
Usuaria dos servizos...
Campañas de...
Charlas e outras...
Programa Xuntas...
Outras

Gráfica 22.


EN RELACIÓN CO NOVO PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL, SINALA OS CINCO OBXECTIVOS MÁIS URXENTES PARA PROMOVER A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES EN AS NEVES
80%
70%
60%
50%
40%
30%
20%
10%
0%
58,3%
60,0%
50,0%
70,0%
58,3%
45,0%
41,7%
30,0%
50,0%
62,5%
50,0%
72,5%
50,0%
65,0%
41,7%
47,5%
25,0%
35,0%
33,3%
27,5%
50,0%
45,0%
58,3%
37,5%
8,3%
12,5%
Sensibilizar á sociedade para superar estereotipos e prexuízos machistas
Mellorar o acceso ao emprego e as condicións laborais das mulleres
Mellorar as políticas dirixidas a mulleres vulnerables ou en risco de exclusión
Visibilizar ás mulleres
Valorizar o traballo non remunerado das mulleres
Mellorar as medidas de conciliación e os horarios
Mellorar a atención a persoas dependentes: menores, maiores, persoas con discapacidade...
Mellorar a atención e prevención da violencia de xénero
Implicar aos homes
Apoiar o asociacionismo de mulleres
Mellorar os servizos de atención municipais
Incorporar a perspectiva de xénero a toda a política municipal
Outras
HOMES
MULLERES
TOTAL

Gráfica 23.

Ademais das accións xa descritas, hai que sinalar que o Concello ven de realizar diversas actuacións de promoción da igualdade e contra a violencia de xénero, especialmente con motivo de datas sinaladas como o 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres e o 8 de marzo, Día Internacional da Muller. Por nomear algunhas concretas, destacan as actividades institucionais como a lectura de manifesto así como as concentracións cidadás.

Tamén as accións informativas e de sensibilización e promoción da igualdade como o Programa "Galegas Dixitais" da Xunta de Galicia ou o Programa "Mulleres en Acción. Violencia Zero", da Deputación de Pontevedra, e que ten coma obxectivo concienciar dende as diferentes expresións artísticas contra a violencia de xénero. Este Programa, en 2022, presentou en As Neves unha acción titulada "O lugar da fenda". Protagonizada pola ceramista Verónica Moar e a bailarina e coreógrafa Rut Balbís, celebrouse na Casa da Mocidade e participou alumnado do IES Pazo da Mercé.

Está tamén en marcha o Programa Muller Rural, cofinanciado pola Xunta de Galicia.

Destaca o Programa "Mulleres Extramuros", que ten como obxectivo levar proxectos artísticos deseñados por e con mulleres a núcleos rurais como Vide. Participaron 7 artistas de traxectoria estatal e internacional.

Tamén se levaron a cabo talleres de defensa persoal para mulleres, exposicións de pintura en colaboración con entidades sociais como ADICAM, actuacións musicais con protagonistas femininas ou actividades do Programa 'Cinema e Muller'.

## A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE: RECURSOS, EQUIPAMENTOS E ACTIVIDADES

As sociedades actuais seguen a estar rexidas polos estereotipos e roles de xénero máis tradicionais. En base a estes últimos, adxudicouse como papel das mulleres na sociedade o ámbito doméstico, este é, as tarefas do fogar e os coidados.

Actualmente as mulleres están incorporadas ao mundo do traballo remunerado pero os homes non o están na mesma medida ao espazo doméstico, responsabilidade que segue a recaer maioritariamente nas mulleres.

Os traballos non remunerados representan unha inxente, aínda que invisible contribución á sociedade que millóns de mulleres realizan cada ano no mundo. Outras veces, os traballos de coidados realízanse con remuneración pero sen contrato nin

cobertura social. A OIT (Organización Internacional do Traballo) calcula que os coidados non remunerados equivalen ao 15% do PIB de España.

So en 2018, empregáronse 130 millóns de horas diarias no traballo de coidados non remunerados, unha cifra que equivale a 16 millóns de persoas traballando 8 horas ao día sen percibir remuneración algunha.

Segundo datos do INE, as mulleres adican 63,6 horas semanais a suma do traballo remunerado e non remunerado, máis desprazamentos. Pola súa parte, os homes adican 56,7 horas ás mesmas tarefas e traballos.

A maior diferenza entre homes e mulleres atópase ao analizar as horas empregadas ao traballo non remunerado en función da xornada. Os homes adican xeralmente o mesmo número de horas ao traballo non remunerado (14 horas a semana), independentemente de que traballen a tempo parcial ou a xornada completa. As mulleres, en cambio, incrementan o tempo dedicado ao traballo non remunerado (30 horas a semana) cando teñen xornada a tempo parcial.

Segundo o INE, a porcentaxe de mulleres de 18 e máis anos que adican varios días á semana ao coidado e educación de fillas/os, cociñar, facer labores domésticas ou coidados de persoas con discapacidade, é superior en todos os casos á porcentaxe de homes de 18 e máis anos que realizan estas mesmas tarefas. Pola contra, a porcentaxe de homes e mulleres que adican varios días á semana ao coidado ou educación de netos/as é moi similar, 32% de mulleres e un 33% de homes.

En As Neves, respecto aos recursos que melloran a conciliación destaca o Servizo de Atención Temperá. Trátase dun conxunto de intervencións dirixidas a poboación infantil de 0 a 6 anos así como ás súas familias e o seu entorno. Este Servizo ten como obxectivo dar resposta, o antes posible, ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan nenos e nenas con trastornos do desenvolvemento ou en risco de telos. Actualmente, con financiación da Xunta de Galicia e dos Fondos Europeos, As Neves comparte este servizo con Salceda de Caselas a través dunha subvención 2022-2024. Préstase os luns e mércores e neste momento atende a 19 nenos e 10 nenas.

Tamén destaca o Servizo de Axuda no Fogar e apoio á unidade de convivencia que, ademais de entrevistas e visitas domiciliarias, para o coñecemento valoración e diagnostico dos casos, recolle e trata a información para unha planificación adecuada das actividades a desenrolar, fai un seguimento continuado das persoas beneficiarias.

## DEPORTE: RECURSOS, EQUIPAMENTOS, PARTICIPACIÓN E ACTIVIDADES.

O deporte é un dereito constitucional que mellora a calidade de vida e a saúde de todas as persoas, fomenta o benestar, o liderado e o traballo en equipo, condicións relevantes no proceso de empoderamento das mulleres.

A nivel xeral e a pesar dos avances dos últimos anos impulsados polas lexislacións e os plans e programas de acción, perdura o desequilibrio de sexos no deporte, fundamentalmente no que respecta ao deporte federado, á práctica de determinados deportes, á participación en directivas de federacións e clubs deportivos ou mesmo no eido profesional, cunha importante fenda salarial.

**Instalacións deportivas do Concello**:

- Pavillón polideportivo municipal que utilizan os clubs federados, pavillóns das escolas.
- Piscina municipal.
- Cancha de tenis.
- Campo de fútbol Pepe Capón.
- Pistas de fútbol sala en varias parroquias.
- Parques Biosaudables nas parroquias de Vide e San Cibrán de Ribarteme.

**Clubs deportivos**:

Os clubs e asociacións deportivas xa están detalladas no epígrafe sobre a participación. Neste senso, hai que destacar o éxito do bádminton cunha campioa de Europa de dobres feminino e un medallista. Ambos deportistas forman parte da selección española.

## SERVICIOS SOCIAIS E SERVIZOS DE SAÚDE

Os servicios socias municipais contan cunha traballadora social, unha educadora social e unha auxiliar administrativa.

Entre os servizos que se prestan destaca a tramitación de axudas sociais, a información sobre as prestacións, a valoración das situacións de dependencia e a solicitude do recoñecemento do grao de discapacidade da Xunta de Galicia.

Ademais, tramitan as solicitudes da RISGA, o bono aluguer, o bono eléctrico, as axudas de emerxencia, as pensións de estranxeiría e o servizo de axuda no fogar e a tele asistencia.

Tamén realizan as tramitacións para a solicitude de pensións non contributivas.

Hai outros servizos de información, orientación e asesoramento, consultas relativas a recursos e dereitos sociais de individuos familias ou grupos, realizando as oportunas xestións ou remitindo ós organismos pertinentes, celebración de charlas, conferencias, coloquios, recollida e tratamento da información sobre as necesidades sociais, planificación e priorización de recursos sociais e realización de entrevistas individuais, familiares e grupais ou visitas domiciliarias.

As Neves conta cunha poboación de etnia xitana que ronda as 70 persoas coa que traballan os servizos sociais do Concello, ao igual que con poboación migrante e con poboación en situacións diversas de vulnerabilidade.

Os programas de acción social elabóranse tendo en conta as necesidades e desexos dos distintos grupos sociais usuarios e se levan a cabo accións de sensibilización contra o racismo ou a xenofobia.

Ademais, foméntase o voluntariado social e a cooperación veciñal.

Hai un Banco de Alimentos municipal e compre destacar que dende os servizos municipais facilítase material escolar, roupa e outras necesidades que puideran xurdir a nenas e nenos de familias con dificultadas socioeconómicas.

Máis alá do Programa de atención temperá que xa se citou, celébranse campamentos en datas coincidentes coas vacacións escolares como o Campamento de Verán, o Campamento de Nadal e durante o Entroido

Hai un único Centro de Saúde que conta, no momento de realizar este informe, con dúas mulleres médicas, un home médico, unha muller médica pediatra, dúas enfermeiras e dúas administrativas. O 87% do persoal do Centro son mulleres.

O Concello, conxuntamente co Centro de Saúde, fai campañas contra o cancro de mama.

Hai dúas farmacias e dúas clínicas odontolóxicas.

## A EDUCACIÓN: RECURSOS, EQUIPAMENTOS E ACTIVIDADES RECURSOS EDUCATIVOS

As Neves conta con diversos recursos educativos de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos. Hai unha Escola Municipal de Música e dúas escolas unitarias de ensino infantil e primaria en Rubiós e Taboexa. Xa se sinalou a existencia dunha Escola Infantil.

O C.E.I.P Colexio de Educación Infantil e Primaria Marquesa do Pazo da Mercé é un centro público de educación infantil e primaria que non conta con aula matutina. Hai 4 profesores, 15 profesoras, un auxiliar de conversación, 2 coidadoras, 3 limpadoras, 2 cociñeiros e 1 cociñeira.

A ANPA está presidida por unha muller. De feito, son mulleres a maioría das persoas que forman o equipo. O Concello ten establecida unha subvención para as súas actividades.

O I.E.S Instituto de Educación Secundaria Pazo da Mercé é un centro público de educación secundaria e bacharelato que tamén conta con dous ciclos formativos tecnolóxicos. Conta con servizo de comedor e forma parte do Plan de Escolas Asociadas á UNESCO. Traballan 23 profesoras e 20 profesores e impártense estudos de:

- ESO.
- Bacharelato de ciencias e tecnoloxía.
- Bacharelato de humanidades de ciencias sociais.
- Ciclo medio de sistemas microinformáticas e redes.
- Ciclo superior de desenvolvemento de aplicacións web.

A EFA A Cancela é un centro concertado no que se cursan os seguintes ciclos:

- Ciclo medio de xestión administrativa.
- Ciclo medio de panadería, repostería e confeitaría.
- Ciclo medio de coidados auxiliares de enfermería.
- Ciclo superior de educación infantil.
- Ciclo superior de administración e finanzas.

Existe un Consello Escolar Municipal do que forman parte representantes do todos os centros escolares así como de Anpas, representantes do Centro de Saúde, do Centro de Día e da Escola Infantil. Neste Consello coordínanse accións encamiñadas á mellora dos ámbitos e momentos formativos.

## A CULTURA: RECURSOS, EQUIPAMENTOS E ACTIVIDADE CULTURAL.

As instalacións e equipamentos culturais, ao igual que os centros educativos e centros sociais xogan un papel relevante no desenvolvemento de actividades de reforzo da igualdade polo que serán importantes na execución de varias medidas incluídas neste Plan e para a consecución dos obxectivos fixados.

Ao respecto, compre sinalar que o Concello conta con varios equipamentos culturais como o Centro Social, a Casa da Mocidade ou o Auditorio Municipal, eixos de referencia das actividades culturais xunto coa Biblioteca Municipal, que abre de 16h a 20h de martes a xoves e que forma parte da Rede Galega de Bibliotecas e da plataforma dixital Galicia Le.

Hai diferentes asociacións culturais e grupos musicais como a Banda de Música Popular de Rubiós ou a Coral Santa María das Neves.

O Programa "Estación Cultural" relaciona cada estación cunha modalidade ou disciplina cultural.

Só existen dúas rúas con nome de muller en As Neves, a rúa Marquesa de Pazo e rúa Rosalía de Castro.

## A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Nun cuestionario destas características sempre se procura incluír un bloque para medir as situacións de violencia de xénero en todas as súas formas e en acadar o coñecemento dos recursos e medidas que bota en falta a cidadanía nesta materia. Así, nun amplo bloque, o cuestionario preguntou sobre situacións concretas ou vivencias individuais en torno a violencia de xénero, todas elas recollidas e analizadas dentro do Informe.

| QUE MEDIDAS CRES QUE HAI QUE REFORZAR PARA ACABAR COA VIOLENCIA DE XÉNERO? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Intensificar a coeducación nas escolas | 8 | 32 | 40 |
| Seguir desenvolvendo a lei con medidas integrais | 3 | 15 | 18 |
| Cumprimento de condenas por parte de maltratadores | 7 | 21 | 28 |
| Campañas de sensibilización e información | 6 | 14 | 20 |
| Máis formación especializada a profesionais | 4 | 19 | 23 |
| Cursos de defensa persoal a mulleres | 1 | 11 | 12 |
| Outras | 2 | 3 | 5 |
| TOTAL | **12** | **41** | **53** |

*Táboa 28*

| QUE MEDIDAS CRES QUE HAI QUE REFORZAR PARA ACABAR COA VIOLENCIA DE XÉNERO? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Intensificar a coeducación nas escolas | 66,7% | 78,0% | 75,47% |
| Seguir desenvolvendo a lei con medidas integrais | 25,0% | 36,6% | 33,96% |
| Cumprimento de condenas por parte de maltratadores | 58,3% | 51,2% | 52,83% |
| Campañas de sensibilización e información | 50,0% | 34,1% | 37,74% |
| Máis formación especializada a profesionais | 33,3% | 46,3% | 43,40% |
| Cursos de defensa persoal a mulleres | 8,3% | 26,8% | 22,64% |
| Outras | 16,7% | 7,3% | 9,43% |
| TOTAL | **12** | **41** | **53** |

*Táboa 29.*

O 78% aposta por reforzar a coeducación e un 52% apunta ao cumprimento de condenas por parte dos maltratadores.




*Gráfica 24.*

Respecto a situación relacionadas con diferentes formas de violencia de xénero, o cuestionario incluíu preguntas acerca de varias situacións vividas polas mulleres enquisadas.

Así, se pregunta por situacións de violencia física, violencia sexual, violencia psicolóxica, en forma de violencia de control e de violencia emocional así como outras circunstancias como violencia económica.

Ademais plantéxanse outras preguntas sobre a valoración dos servizos e recursos de protección ás vítimas así como de xulgados e forzas e corpos de seguridade.

Tamén se pediu ás mulleres que, en caso de retirar unha denuncia por violencia de xénero, cales foron as razóns que motivaron a retirada de dita denuncia e tamén en que instancia a presentou.

| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella impediu que algunha vez falaras ou viras a amigos ou familiares?] | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Nunca | 10 | 29 | 39 |
| 1 vez | 0 | 3 | 3 |
| 2 veces | 1 | 1 | 2 |
| 3 veces | 0 | 2 | 2 |
| Habitualmente | 1 | 2 | 3 |
| TOTAL | 12 | 37 | 49 |
| | | | |
| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella impediu que algunha vez falaras ou viras a amigos ou familiares?] | HOME | MULLER | TOTAL |
| Nunca | 83,3% | 78,4% | 79,59% |
| 1 vez | 0,0% | 8,1% | 6,12% |
| 2 veces | 8,3% | 2,7% | 4,08% |
| 3 veces | 0,0% | 5,4% | 4,08% |
| Habitualmente | 8,3% | 5,4% | 6,12% |
| TOTAL | 12 | 37 | 49 |

*Táboa 30.*

Un 8% das mulleres sinala que a súa parella ou ex-parella impediu 1 vez que falara ou vira a amigos/as e familiares. Un 5% sinalou que habitualmente.

| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella impediu que tiveras acceso aos cartos?] | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Nunca | 12 | 34 | 46 |
| 1 vez | 0 | 1 | 1 |
| 2 veces | 0 | 0 | 0 |
| 3 veces | 0 | 1 | 1 |
| Habitualmente | 0 | 0 | 0 |
| TOTAL | 12 | 36 | 48 |
| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella impediu que tiveras acceso aos cartos?] | HOME | MULLER | TOTAL |
| Nunca | 100,0% | 94,4% | 95,83% |
| 1 vez | 0,0% | 2,8% | 2,08% |
| 2 veces | 0,0% | 0,0% | 0,00% |
| 3 veces | 0,0% | 2,8% | 2,08% |
| Habitualmente | 0,0% | 0,0% | 0,00% |
| TOTAL | 12 | 36 | 48 |

*Táboa 31*

Nesta pregunta as respostas afirmativas (1 vez e 3 veces) son de un 2,8% e un 2,8%.

| **RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella controlou a túa vestimenta, peiteado ou maquillaxe?]** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|
| **Nunca** | 11 | 30 | 41 |
| **1 vez** | 0 | 1 | 1 |
| **2 veces** | 1 | 3 | 4 |
| **3 veces** | 0 | 0 | 0 |
| **Habitualmente** | 0 | 2 | 2 |
| **TOTAL** | **12** | **36** | **48** |
| **RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella controlou a túa vestimenta, peiteado ou maquillaxe?]** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
| **Nunca** | **91,7%** | **83,3%** | **85,42%** |
| **1 vez** | **0,0%** | **2,8%** | **2,08%** |
| **2 veces** | **8,3%** | **8,3%** | **8,33%** |
| **3 veces** | **0,0%** | **0,0%** | **0,00%** |
| **Habitualmente** | **0,0%** | **5,6%** | **4,17%** |
| **TOTAL** | **12** | **36** | **48** |

*Táboa 32*

Cerca dun 6% das mulleres sinala que a súa parella ou ex-parella habitualmente controla a súa vestimenta ou peiteado.

| **RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella te insultou en público ou en privado?]** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|
| **Nunca** | 11 | 24 | 35 |
| **1 vez** | 0 | 6 | 6 |
| **2 veces** | 0 | 3 | 3 |
| **3 veces** | 0 | 2 | 2 |
| **Habitualmente** | 1 | 2 | 3 |
| **TOTAL** | **12** | **37** | **49** |
| **RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella te insultou en público ou en privado?]** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
| **Nunca** | **91,7%** | **64,9%** | **71,43%** |
| **1 vez** | **0,0%** | **16,2%** | **12,24%** |
| **2 veces** | **0,0%** | **8,1%** | **6,12%** |
| **3 veces** | **0,0%** | **5,4%** | **4,08%** |
| **Habitualmente** | **8,3%** | **5,4%** | **6,12%** |
| **TOTAL** | **12** | **37** | **49** |

*Táboa 33*

Máis dun 16% de mulleres sinala que a súa parella ou ex-parella a insultou 1 vez mentres que un 6% sinala que isto acontece habitualmente.

| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella empregou a forza para manter relacións sexuais?] | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Nunca | 12 | 32 | 44 |
| 1 vez | 0 | 2 | 2 |
| 2 veces | 0 | 0 | 0 |
| 3 veces | 0 | 1 | 1 |
| Habitualmente | 0 | 2 | 2 |
| TOTAL | 12 | 37 | 49 |
| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella empregou a forza para manter relacións sexuais?] | HOME | MULLER | TOTAL |
| Nunca | 100,0% | 86,5% | 89,80% |
| 1 vez | 0,0% | 5,4% | 4,08% |
| 2 veces | 0,0% | 0,0% | 0,00% |
| 3 veces | 0,0% | 2,7% | 2,04% |
| Habitualmente | 0,0% | 5,4% | 4,08% |
| TOTAL | 12 | 37 | 49 |

*Táboa 34*

Un 5,4% de mulleres afirma que a súa parella ou ex-parella emprega a forza para manter relacións sexuais habitualmente.

| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella empurroute, tiroute ao chan ou te agarrou polo pescozo?] | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Nunca | 11 | 34 | 45 |
| 1 vez | 0 | 0 | 0 |
| 2 veces | 0 | 1 | 1 |
| 3 veces | 1 | 0 | 1 |
| Habitualmente | 0 | 1 | 1 |
| TOTAL | 12 | 36 | 48 |
| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella empurroute, tiroute ao chan ou te agarrou polo pescozo?] | HOME | MULLER | TOTAL |
| Nunca | 91,7% | 94,4% | 93,75% |
| 1 vez | 0,0% | 0,0% | 0,00% |
| 2 veces | 0,0% | 2,8% | 2,08% |
| 3 veces | 8,3% | 0,0% | 2,08% |
| Habitualmente | 0,0% | 2,8% | 2,08% |
| TOTAL | 12 | 36 | 48 |

*Táboa 35.*

Un 3% de mulleres afirma que habitualmente a súa parella ou ex-parella empurrouna, tirouna ao chan ou agarrouna polo pescozo e un 3% sinala que isto aconteceu 2 veces.

| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella o ex-parella che propinou unha labazada, golpeoute cos puños ou con patadas?] | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Nunca | 11 | 33 | 44 |
| 1 vez | 0 | 3 | 3 |
| 2 veces | 0 | 0 | 0 |
| 3 veces | 0 | 0 | 0 |
| Habitualmente | 1 | 1 | 2 |
| **TOTAL** | **12** | **37** | **49** |
| **RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella o ex-parella che propinou unha labazada, golpeoute cos puños ou con patadas?]** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
| Nunca | **91,7%** | **89,2%** | **89,80%** |
| 1 vez | **0,0%** | **8,1%** | **6,12%** |
| 2 veces | **0,0%** | **0,0%** | **0,00%** |
| 3 veces | **0,0%** | **0,0%** | **0,00%** |
| Habitualmente | **8,3%** | **2,7%** | **4,08%** |
| **TOTAL** | **12** | **37** | **49** |

*Táboa 36*

Un 3% de mulleres afirma que habitualmente a súa parella ou ex-parella propínalle labazadas, golpea cos puños ou con patadas.

| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella ameazoute cun coitelo ou pistola?] | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Nunca | 12 | 35 | 47 |
| 1 vez | 0 | 1 | 1 |
| 2 veces | 0 | 1 | 1 |
| 3 veces | 0 | 0 | 0 |
| Habitualmente | 0 | 0 | 0 |
| **TOTAL** | **12** | **37** | **49** |

| RESPONDER AS SEGUINTES SITUACIÓNS [Algunha vez a túa parella ou ex-parella ameazoute cun coitelo ou pistola?] | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Nunca | 100,0% | 94,6% | 95,92% |
| 1 vez | 0,0% | 2,7% | 2,04% |
| 2 veces | 0,0% | 2,7% | 2,04% |
| 3 veces | 0,0% | 0,0% | 0,00% |
| Habitualmente | 0,0% | 0,0% | 0,00% |
| TOTAL | 12 | 37 | 49 |

*Táboa 37*

Dúas mulleres que participaron nesta pregunta responderon que 1 vez ou 2 veces a súa parella ou ex-parella empregou un coitelo ou unha pistola.

| FUN USUARIA NALGUNHA OCASIÓN DE SERVIZOS XURÍDICOS E/OU POLICIAIS | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Xulgado de Violencia contra a Muller de Pontevedra | 1 | 3 | 4 |
| Policía Nacional | 2 | 1 | 3 |
| Garda Civil | 2 | 5 | 7 |
| CIM - Centro de Información ás Mulleres | 0 | 3 | 3 |
| Servizo de xustiza gratuíta. Colexio da Avogacía. | 0 | 4 | 4 |
| **TOTAL** | **3** | **9** | **12** |
| **TOTAL SERVIZOS** | **5** | **16** | **21** |
| **FUN USUARIA NALGUNHA OCASIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS E DE IGUALDADE** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
| Fun usuaria nalgunha ocasión de servizos sociais. | 2 | 6 | 8 |
| Fun usuaria doutros servizos da Concellería de Igualdade ou da de Benestar Social de As Neves | 0 | 4 | 4 |
| Fun usuaria do servizo autonómico de atención especializada para vítimas | 0 | 2 | 2 |
| Fun usuaria do Teléfono 016 e doutros servizos estatais de atención especializada para vítimas | 0 | 0 | 0 |
| **TOTAL** | **2** | **10** | **12** |
| **TOTAL SERVIZOS** | **2** | **12** | **14** |

| COMO VALORAS OS SERVIZOS PRESTADOS E A AXUDA RECIBIDA? | HOME | MULLER | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Foron de moita axuda | 0 | 5 | 5 |
| Resolveron algunhas cuestións | 2 | 2 | 4 |
| Non foron de gran axuda | 2 | 3 | 5 |
| Non foron de ningunha axuda | 0 | 2 | 2 |
| TOTAL | **4** | **12** | **16** |
| **SI DENUNCIACHES ALGUNHA VEZ, QUEN PUXO A DENUNCIA?** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
| Eu | 0 | 4 | 4 |
| A miña familia ou amizades | 0 | 0 | 0 |
| O centro de saúde a través dun parte de lesións | 0 | 1 | 1 |
| Un veciño/a | 0 | 0 | 0 |
| A Policía | 0 | 0 | 0 |
| TOTAL | **0** | **5** | **5** |
| **SI DESPOIS DE DENUNCIAR RETIRACHES A DENUNCIA, INDICA O MOTIVO** | **HOME** | **MULLER** | **TOTAL** |
| El non pode cambiar | 0 | 0 | 0 |
| Teño medo | 0 | 0 | 0 |
| Non teño onde ir | 0 | 0 | 0 |
| Non confío na xustiza | 0 | 1 | 1 |
| A miña familia pediume que a retirara | 0 | 1 | 1 |
| TOTAL | **0** | **2** | **2** |

*Táboa 39*

# MARCO NORMATIVO

Delimítase o marco normativo que fundamenta este Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de As Neves 2024-2028.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos, aprobada e proclamada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 10 de decembro de 1948, incluíu no artigo 2.1 que *"toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, lingua, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición".*

En 1979, ca aprobación da Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra as Mulleres, (CEDAW), ratificada en 1981 por España, dáse un relevante avance na universalización da igualdade de dereitos entre mulleres e homes.

En 1985 celebrouse en Nairobi a III Conferencia Internacional sobre a Condición Xurídica e Social da Muller e que concluíu que as melloras na situación xurídica e social das mulleres só beneficiaron a unha minoría e por elo sentaron as bases tan sólidas como declarar que todas as políticas estaban relacionadas coas mulleres. Foi fundamental a Declaración da ONU sobre a eliminación da violencia contra a muller na Asemblea Xeral celebrada en Nova Iorque en 1993.

A IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing celebrada en 1995 considérase un dos máis importantes momentos da historia das políticas públicas de igualdade. Aprobouse a Declaración e a Plataforma de Acción de Beijing na que se identifican doce esferas de especial preocupación e que esixiron actuacións concretas por parte de gobernos e sociedade civil: a situación da poboación infantil feminina, a pobreza, a educación, a saúde, a violencia, os conflitos armados, a economía, a toma de decisións, os mecanismos institucionais, os dereitos humanos, os medios de comunicación e a relación entre mulleres e medio ambiente.

O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica de 11 de maio de 2011, coñecido como Convenio de Istambul, ratificado por España en 2014 é un texto de relevancia que define a violencia contra as mulleres como unha violación dos dereitos humanos.

Así mesmo, designa todos os actos de violencia baseados no xénero que implican o poidan implicar para as mulleres danos e sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, ampliando o concepto de violencia de xénero a todas as formas, tanto na esfera privada como no espazo público: a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación; a mutilación xenital feminina; o matrimonio forzado; o acoso; o aborto e a esterilización forzosa.

No Tratado de Roma de 1957 aparece a primeira referencia ao principio de igualdade no eido europeo, establecendo entón que é obriga dos estados membros garantir a aplicación do principio de igualdade de retribución entre traballadoras e traballadores. O Tratado da Unión Europea (1992) sinalaba que o principio de igualdade non obstará para que os estados membros poidan adoptar medidas de acción positiva.

Coa entrada en vigor do Tratado de Amsterdam (1997) o principio de igualdade convértese nun dos principios básicos na concepción da cidadanía europea.

A Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de Setembro de 2002 modificou a Directiva 76/207/CEE do Consello relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesional.

Pola súa banda, a Directiva 2004/113/CE do Consello de 13 de decembro de 2004 aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso a bens e servizos e a o seu subministro e a Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de outubro de 2006 regula a aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

A Carta Europea para a Igualdade de mulleres e homes na vida local, destinada aos concellos de Europa, adopta unha postura pública sobre o principio de igualdade de mulleres e homes, para ser aplicada no seu territorio.

En España, a Constitución establece no artigo 14 a igualdade entre mulleres e homes sen que poida establecerse discriminación algunha por razón de sexo. Tamén no seu artigo 9.2 sinálase a obriga dos poderes públicos para velar e promover o cumprimento real e efectivo do principio de igualdade.

A Lei 30/2003 de 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración de impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno, se establece que os proxectos de lei e as disposicións regulamentarias deberán ir acompañadas dun informe de impacto de xénero que valore os efectos que esas normas puideran ter de xeito diferencial sobre mulleres e homes e que terá en conta, especialmente, as posibles desigualdades e discriminacións por razón de sexo.

En decembro de 2004 apróbase por unanimidade a Lei Orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero que desenvolve un marco normativo de gran relevancia respecto ao tratamento deste delito e a asistencia e protección ás vítimas.

Foi a primeira Lei integral adicada exclusivamente á violencia de xénero en Europa e calou profundamente na sociedade, promovendo un cambio cultural ante un delito que sistematicamente estaba relegado ao ámbito das relacións de parella.

A Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a gran referencia normativa en materia de igualdade e contra a discriminación, sinala no seu artigo 21 que as entidades locais integrarán o dereito á igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das administracións públicas.

No ano 2017, os Grupos Parlamentarios das Cortes, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, representadas na Federación Española de Municipios e Provincias, ratifican o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Este documento, estruturado en 11 eixos, incide en todos os ámbitos da sociedade desde diferentes puntos de intervención.

A través do Real Decreto-Lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero devólvense aos concellos as competencias en materia de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero a través da modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

A Lei  Orgánica 10/2022 de Garantía Integral da Liberdade Sexual equipara ás vítimas da violencia sexual ás vítimas da violencia de xénero.

Así mesmo, é importante citar a Lei 15/2022, de 12 de xullo, Integral para a Igualdade de Trato e a non Discriminación.

No que respecta ao marco legal galego, hai que destacar que o artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala que corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación das galegas e dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

Destacan algunhas leis aprobadas como a Lei 7/2004 de 16 de outubro galega para a Igualdade de Mulleres e Homes, a Lei 11/2007, de 27 de outubro, galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero (modificada pola Lei 15/2021 de 3 de decembro de 2021), a Lei 27/2007 de 28 de marzo do Traballo en Igualdade das Mulleres e o Decreto Lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba un texto refundido das disposicións legais da de Galicia en materia de igualdade.

Recentemente se aprobou a Lei 7/2023 de 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

# OBXECTIVOS DO PLAN

**OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN:**

- Detectar e combater a desigualdade e as fendas de xénero.
- Implantar un modelo de gobernanza municipal que teña incorporado o principio de igualdade.
- Implicar a todas as concellerías no desenvolvemento de políticas de igualdade.
- Sensibilizar e implicar á cidadanía na consecución da igualdade.
- Empoderar ás mulleres en todas as circunstancias e etapas da súas vidas.
- Impulsar a corresponsabilidade e a conciliación da vida familiar, persoal e laboral.
- Mellorar os instrumentos de información, atención e asistencia ás mulleres.
- Previr a violencia de xénero.
- Promocionar a empregabilidade das mulleres.
- Contemplar as situacións de vulnerabilidade.

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN:**

En cada un dos cadros que detallan as medidas do Plan de Igualdade se sinalan os **Obxectivos Específicos,** un total de 37.

# VIXENCIA DO PLAN DE IGUALDADE

O Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de As Neves 2024-2028 terá unha vixencia de 4 anos a contar dende o día da súa aprobación definitiva.

# METODOLOXÍA E CONTIDO DO PLAN

A elaboración deste Plan organizouse en 4 fases:

1ª Fase previa de detección das necesidades e demandas recollidas nun cuestionario á cidadanía e a través de datos recollidos no Concello. Tamén a través de datos dos workshops celebradas coa finalidade de detectar os puntos fortes e aqueles susceptibles de mellora.

2ª Fase de planificación partindo dos resultados da fase anterior para decidir as prioridades e a estrutura do presente Plan. Nesta fase elaborouse o informe diagnóstico e se deseñaron os ámbitos de actuación, os obxectivos, as medidas, as áreas involucradas, ás persoas destinatarias e os recursos. Tamén se deseñou a estratexia de implantación así como o sistema de seguimento e avaliación. A partir destas conclusións creáronse 9 ámbitos de actuación que se detallan ao longo do documento. Así mesmo, cada ámbito recolle as medidas e actividades e incorpora instrucións para a súa implantación, seguimento e avaliación.

3ª Fase de consenso e aprobación. Nesta fase se realizaron aportacións ao Plan. O documento definitivo, trala súa aceptación, é aprobado no pleno do Concello de As Neves como ferramenta de traballo e referencia para as actuacións en materia de igualdade.

4ª Fase de difusión e implantación das medidas do Plan. A Concellería de Igualdade e Muller é a responsable da coordinación de todas as medidas do Plan, sempre co apoio do resto de áreas municipais á hora de facilitar información para a execución, seguimento e avaliación das accións. Cada un dos 9 ámbitos de actuación está relacionado cos obxectivos xerais e específicos do Plan e conta con medidas concretas.

Hai 37 medidas que á súa vez divídense en 71 submedidas que detallan o contido da medida e o obxectivo específico de cada unha delas.

Cada medida do Plan está organizada en fichas individuais que conteñen o mesmo esquema:

- Área de actuación.
- Obxectivo específico.
- Área municipal responsable.
- Medida e número.
- Indicadores.
- Público destinatario.
- Horizonte temporal.
- Recursos: materiais, persoais e económicos.

# ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

1. Gobernanza e transversalidade.
    a. **6** medidas.
    b. **13** submedidas.
2. Desenvolvemento económico.
    a. **5** medidas.
    b. **15** submedidas.
3. Organización do tempo e conciliación da vida familiar, laboral e persoal como asunto público.
    a. **4** medidas.
    b. **7** submedidas.
4. Tempo propio: a saúde, o deporte, o lecer.
    a. **4** medidas.
    b. **8** submedidas.
5. A cultura e a educación, imprescindibles para a igualdade.
    a. **2** medidas.
    b. **5** submedidas.
6. Vidas libres de violencia de xénero
    a. **7** medidas.
    b. **13** submedidas.
7. Situacións de vulnerabilidade.
    a. **4** medidas.
8. A participación , clave do empoderamento.
    a. **3** medidas.
    b. **4** submedidas.
9. Espazo urbano e mobilidade.
    a. **2** medidas.

## ÁREA DE ACTUACIÓN 1:
## Gobernanza e transversalidade

| OBXECTIVO 1.1 |
|---|
| Aplicar a transversalidade de xénero a todas as políticas municipais. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Todas as áreas do concellos. |

| MEDIDA 1.1 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Desagregar por sexo a recollida de datos do Concello referidos ás persoas, nomeadamente as memorias de actuación, servizos prestados á cidadanía, usuarios/as de actividades, licencias de apertura etc...<br>2. Incluír nos programas e plans municipais un informe de impacto de xénero.<br>3. Incorporar indicadores que garantan a inclusión da perspectiva de xénero na concesión e reparto de axudas e subvencións públicas a entidades e asociacións, fundamentalmente locais, co obxectivo de promover a igualdade de mulleres e homes.<br>4. Incluír nos temarios das convocatorias de ofertas de emprego do Concello contidos sobre igualdade entre mulleres e homes. | Nº accións promovidas.<br>Nº de rexistros municipais con recollida de datos desagregados por sexo.<br>Datos e informes de impacto de xénero en plans e políticas municipais.<br>Nº de bases de datos Nº de memorias. |

| PÚBLICO DESTINATARIO |
|---|
| Persoal político e técnico do Concello de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida permanente a iniciar en xaneiro de 2024. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Non aplica. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 1:**
**Gobernanza e transversalidade**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 1.2** |
| Formar a todo o persoal municipal para implantar a perspectiva de xénero en toda a acción de goberno municipal. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Alcaldía.<br>Concellería de Igualdade e Muller. |

| **MEDIDA 1.2** | **INDICADORES** |
|---|---|
| Desenvolver accións formativas anuais en materia de igualdade para o persoal do Concello. | N.º accións formativas.<br>N.º asistentes ao cursos e % de asistencia por sexo. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Persoal político e técnico do Concello de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida a iniciar en xaneiro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Recursos informáticos. |
| **Persoais** | Non aplica. |
| **Económicos** | Custo do material editado.<br>Custo derivados da contratación de persoa ou empresa formadora. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 1:
## Gobernanza e transversalidade

| |
|---|
| **OBXECTIVO 1.3** |
| Incorporar o principio de igualdade na política de contratación municipal. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Facenda, Emprego e Persoal. |

| MEDIDA 1.3 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Incorporar cláusulas e indicadores de igualdade entre mulleres e homes nos pregos de contratación pública.<br>2. Definir os indicadores e elementos de valoración que permitan ao Concello de As Neves, con condicións de igualdade obxectiva, dar prioridade na contratación ás empresas que conten con plans de igualdade, distintivos de igualdade e calquera outra medida de impulso do principio de igualdade. | N.º de pregos que inclúen a transversalidade de xénero.<br>% sobre o total de pregos e contratos firmados asinados entre 2024-2027.<br>N.º empresas contratadas que contan con Plans de Igualdade. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Empresas contratadas polo Concello de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida permanente a iniciar en marcha en marzo de 2024. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Non aplica. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 1:**
**Gobernanza e transversalidade**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 1.4** |
| Elaborar e aprobar o I Plan de Igualdade interno entre Mulleres e Homes no Concello, nos termos recollidos na lexislación. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Alcaldía. |

| **MEDIDA 1.4** | **INDICADORES** |
|---|---|
| Aprobar un Plan de Igualdade de aplicación á plantilla do Concello de As Neves, nos termos recollidos na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, no RD 901/2020, de 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e no RD 902/2020 de 13 de outubro de Igualdade Retributiva entre Mulleres e Homes. | Constitución da Comisión Negociadora do Plan de Igualdade.<br>O Plan aprobado. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| As persoas traballadoras do Concello de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en setembro de 2025. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal da Comisión Negociadora do Plan de Igualdade. |
| **Económicos** | En caso de que se contrate a unha empresa externa, custos derivados desta contratación. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 1:
## Gobernanza e transversalidade

| OBXECTIVO 1.5 |
|---|
| Promover a comunicación non sexista. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Márketing, Comunicación, Turismo, Comercio, Parques e Xardíns. |

| MEDIDA 1.5 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Corrixir as comunicacións públicas do Concello, impresas e virtuais, dende una perspectiva de xénero, nomeadamente a páxina web, e en función do resultado desenvolver as accións que permitan avanzar nunha comunicación igualitaria.<br>2. Reforzar a comunicación non sexista en todos os documentos e materiais editados polo Concello de As Neves.<br>3. Eliminar as mensaxes ofensivas e machistas que se vinculen á paxina web e ás redes sociais municipais. | Datos da revisión dos soportes e principais conclusións.<br>Datos da revisión da documentación administrativa e principais conclusións.<br>Nº accións de reforzo. |

| PÚBLICO DESTINATARIO |
|---|
| Todo o persoal do Concello. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar os traballos en decembro de 2024 e vixente durante a duración do Plan. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Non aplica. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 1:
## Gobernanza e transversalidade

| |
|---|
| **OBXECTIVO 1.6** |
| Comunicar e difundir o III Plan de Igualdade. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller. |

| MEDIDA 1.6 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Editar o III Plan de Igualdade e difundilo entre a cidadanía a través de diversas canles accesibles, en formato e lectura fácil.<br>2. Realizar unha o campaña para dar a coñecer o III Plan entre institucións, asociacións e organismos públicos e privados do territorio. | N.º de materiais editados en formato accesible.<br>Inserción na web.<br>Accións da campaña. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar os traballos en decembro de 2023. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Edición e web do Concello de As Neves. |
| **Persoais** | Non aplica. |
| **Económicos** | Custo da adaptación dos materiais. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 2:
## Desenvolvemento económico

| |
|---|
| **OBXECTIVO 2.1** |
| Impulsar a autonomía económica das mulleres. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellaría de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Facenda, Emprego e Persoal. |

| MEDIDA 2.1 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Organizar obradoiros de promoción do emprego e auto emprego tratando de variar a localización anual e implicando a asociacións veciñais, de mulleres, comerciantes etc...<br>2. Desenvolver itinerarios de inserción e orientación laboral para mulleres, especialmente enfocados ás que se atopan en situación de vulnerabilidade.<br>3. Deseñar ferramentas de xestión empresarial con perspectiva de xénero especialmente dirixidas aos sectores con mais demanda. | N.º de obradoiros realizados.<br>Nº persoas participantes.<br>N.º de accións de difusión.<br>Nº accións de formación.<br>Nº itinerarios. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en setembro de 2024 e vixente todo o Plan. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Locais públicos. |
| **Persoais** | Persoal externo. |
| **Económicos** | Custo dos obradoiros. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 2:**
**Desenvolvemento económico**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 2.2** |
| Ofertar formación ás mulleres no eido do emprego e o emprendemento. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Facenda, Emprego e Persoal.<br>Concellería de Márketing, Comunicación, Turismo, Comercio, Parques e Xardíns. |

| MEDIDA 2.2 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Poñer en marcha formacións online e presencial dirixidas a mulleres sobre emprendemento, auto emprego, modelos produtivos innovadores ou cooperativismo. Esta formación estará enfocada a sectores vencellados á economía e á empresas como informática, Márketing dixital e liderado feminino.<br>2. Ofrecer formación específica a mulleres en materia agrícola, vitícola e gandeira así como en materia de asistencia social e socio-sanitaria e outras que durante a vixencia deste Plan se vaian demandando. | N.º de accións formativas ofertadas e % de asistentes por sexo a cada curso.<br>N.º de difusións realizadas. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Mulleres traballadoras, empresarias, autónomas, emprendedoras ou en situación de desemprego. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en setembro de 2024 e vixente todo o Plan. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos e equipos para a formación. |
| **Persoais** | Persoal contratado para a formación. |
| **Económicos** | En caso de que se contrate a unha empresa de formación, custos derivados desta contratación. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 2:
## Desenvolvemento económico

| |
|---|
| **OBXECTIVO 2.3** |
| Información e sensibilización en igualdade nas empresas locais. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Márketing, Comunicación, Turismo, Comercio, Parques e Xardíns.<br>Concellería de Facenda, Emprego e Persoal. |

| MEDIDA 2.3 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Impulsar a igualdade nas empresas de As Neves conxuntamente coas asociacións de empresarios, empresarias e comerciantes con accións de formación e sensibilización.<br>2. Fomentar a participación de mulleres empresarias e emprendedoras en actividades de ámbito empresarial organizadas polo Concello.<br>3. Elaborar material destinado ás empresas locais que inclúa medidas de igualdade, material informativo sobre a lexislación en materia de igualdade na empresa e un directorio de empresas locais comprometidas coa igualdade. | N.º entidades e asociacións participantes.<br>Nº empresas formadas.<br>N.º asistentes ás formacións e % por sexos.<br>Nº canles de información.<br>N.º material editado.<br>N.º de acciones formativas e informativas. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Asociacións, empresas e persoas autónomas de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en marzo de 2024. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos e equipos para desenvolver as accións. |
| **Persoais** | Persoal municipal e persoal contratado para os proxectos formativos e de asesoramento. |
| **Económicos** | Custos derivados das contratacións a dos materiais editados, no seu caso. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 2:**
**Desenvolvemento económico**

| **OBXECTIVO 2.4** |
|---|
| Facilitar e impulsar o uso das tecnoloxías nas mulleres como ferramentas diarias de comunicación, de formación e traballo. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Facenda, Emprego e Persoal. |

| **MEDIDA 2.4** | **INDICADORES** |
|---|---|
| 1. Implantar medidas para favorecer o uso das Tics como canle para o empoderamento profesional e a inserción laboral das mulleres.<br>2. Deseñar accións de asesoramento tecnolóxico a mulleres emprendedoras para facilitarlle a posta en marcha do seu proxecto empresarial, análise de viabilidade e acompañamento no proceso de creación.<br>3. Incrementar a participación de mulleres excluídas da alfabetización dixital a través de cursos e obradoiros sobre tecnoloxías que se poderán impartir nas parroquias. | N.º de mulleres asistentes ás formacións e obradoiros.<br>Nº participantes por parroquia e idade.<br>N.º de accións formativas avanzadas ofertadas e nº participantes e idade.<br>Evolución das mulleres no uso das TICS. |

| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
|---|
| Mulleres de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar o programa en setembro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos e equipos para a formación, incluídos locais sociais das parroquias. |
| **Persoais** | Non aplica. |
| **Económicos** | Custos derivados da contratación de persoal especializado en Tics. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 2: Desenvolvemento económico

| |
|---|
| **OBXECTIVO 2.5** |
| Impulsar a igualdade nos programas e plans de emprego. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Facenda, Emprego e Persoal. |

| MEDIDA 2.5 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Priorizar o acceso das mulleres no acceso aos programas formativos, particularmente aqueles relacionados con actividades profesionais masculinizadas.<br>2. Desenvolver módulos de igualdade en cursos de formación ocupacional.<br>3. Reforzar a adaptación da formación para o emprego aos certificados de profesionalidade, pola vía formativa e pola vía da experiencia.<br>4. Difundir a información sobre procedementos de acreditación de competencias ou calquera procedemento que permita mellorar o nivel formativo das mulleres de As Neves. | % mulleres nos programas formativos.<br>Nº de módulos e % por sexo.<br>Nº procesos de negociación, elaboración, deseño e posta en marcha de plans e programas municipais.<br>Nº adaptacións formativas.<br>Nº e % de certificados de profesionalidade e acreditación de competencias. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| As mulleres que acceden a programas de formación. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida permanente a iniciar en xaneiro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Non aplica. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 3:
## Desenvolvemento económico

| OBXECTIVO 3.1 |
|---|
| Organización do tempo e conciliación da vida familiar, laboral e persoal como asunto público. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Servizos Sociais.<br>Concellería de Medio Rural. |

| MEDIDA 3.1 | INDICADORES |
|---|---|
| Crear un Sistema Municipal de Coidados en todas as parroquias que:<br>a) Faga un estudo de diagnose da situación dos coidados no Concello analizado diversos indicadores.<br>b) Poñer en marcha a Unidade de Coidados co persoal municipal para dar resposta gradual ás necesidades detectadas.<br>c) Impulsar a elaboración dun mapa de recursos para a conciliación e os coidados en As Neves que se aloxará na web municipal.<br>d) Coidar a quen coida mediante actividades de respiro familiar para persoas coidadoras, remuneradas e non remuneradas.<br>e) Publicar na web municipal os datos desagregados por sexo relativos ás persoas coidadoras que contribúan á pedagoxía social.<br>f) Apoiar ás entidades de iniciativa social que desenvolven actividades de coidados e programas de acompañamento. | Conclusións principais do estudo.<br>Unidade de Coidados creadas.<br>Nº novos servizos e recursos.<br>Nº canles de difusión do mapa de recursos.<br>Accións de respiro a persoas coidadoras.<br>Nº accións de difusión realizadas.<br>Nº accións de apoio ás entidades. |

| PÚBLICO DESTINATARIO |
|---|
| A cidadanía. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en marzo de 2024. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custo, no seu caso, da Unidade de Coidados. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 3:**
**Desenvolvemento económico**

| **OBXECTIVO 3.2** |
|---|
| Fomentar unha organización social corresponsable en As Neves. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Servicios Sociais. |

| **MEDIDA 3.2** | **INDICADORES** |
|---|---|
| Poñer en marcha unha campaña para reforzar a corresponsabilidade mediante accións informativas e de sensibilización que, entre outras cuestións:<br>a) Reforce que os homes fagan uso dos permisos de coidados para atender responsabilidades familiares.<br>b) Imparta obradoiros en todas as parroquias sobre a corresponsabilidade e o reparto de tarefas.<br>c) Coas ANPAS, deseñe unha programación de actividades sobre a conciliación e corresponsabilidade nos centros educativos. | Materiais deseñados para campaña.<br>Nº de canles empregadas de difusión e impactos da campaña.<br>Nº participantes nos obradoiros e % por sexo e parroquias.<br>Nº actividades coas ANPAS e centros educativos. |

| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
|---|
| A cidadanía das Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en xaneiro de 2024 e vixente todo o Plan. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Materiais da campaña e canles de difusión. Espazos municipais. |
| **Persoais** | Non aplica. |
| **Económicos** | En caso de externalización dalgunhas actividades, custos derivados da contratación. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 3:
Desenvolvemento económico**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 3.3** |
| Reforzar a corresponsabilidade dende as políticas públicas sectoriais municipais. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Cultura. |

| **MEDIDA 3.3** | **INDICADORES** |
|---|---|
| 1. Crear novos servizos e recursos destinados á conciliación que faciliten o acceso á cultura, ao lecer e ao deporte.<br>2. Ofertar servizos de apoio á conciliación nas actividades culturais, de lecer e deportivas que organice o Concello, mediante a posta en marcha dun servizo de ludoteca ou *canguraxe.*<br>3. Impulsar a inclusión na programación de todas as festas, espazos e iniciativas para a conciliación.<br>4. Incrementar a cobertura dos Campamentos de Verán e Nadal. | N.º de servizos de apoio ofertados.<br>N.º de nenos/as asistentes aos Campamentos e Campus e nº de persoas coidadoras e familias beneficiadas.<br>Nº servizos públicos de ludoteca ou canguraxe.<br>Espazos e accións para a conciliación postas en marcha. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía das Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida a iniciar en xuño de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custos derivados da posta en marcha dos novos servizos, en caso de contratación externa. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 3:**
**Desenvolvemento económico**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 3.4** |
| Organización do tempo e conciliación da vida familiar, laboral e persoal, un asunto público. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller. |

| **MEDIDA 3.4** | **INDICADORES** |
|---|---|
| Realizar unha Enquisa de Usos do Tempo en As Neves e en función dos resultados obtidos, elaborar unha proposta de reorganización e reforzo dos horarios de atención e cobertura de servizos e recursos municipais co obxectivo de mellorar a conciliación a través de horarios compatibles. | N.º de servizos de apoio Resultados principais e indicadores da enquisa.<br>N.º servizos públicos analizados.<br>Nº horarios analizados,<br>N.º de propostas de revisión horaria.<br>Nº revisións e reorganizacións horarias, no seu caso. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Marzo de 2025. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Non aplica. |
| **Económicos** | Custos derivados da elaboración da enquisa e das propostas. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 4:**
**Tempo propio: a saúde, o deporte, o lecer.**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 4.1** |
| Integrar o enfoque de xénero na saúde. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Servizos Sociais. |

| MEDIDA 4.1 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Impulsar a saúde emocional, a saúde mental e a autoestima das mulleres mediante obradoiros nas parroquias e reforzando os servizos municipais de atención,<br>2. Traballar nun programa de hábitos alimentarios saudables para evitar trastornos alimenticios, obesidade, diabetes e outras patoloxías relacionadas atendendo a todas as idades, situacións de discapacidade e outros factores de vulnerabilidade nas mulleres.<br>3. Analizar a prevalenza das enfermidades de alto impacto nas mulleres a nivel local. | Nº obradoiros e nº asistentes por idade e parroquias.<br>Nº accións de hábitos saudables.<br>Indicadores de prevalenza de enfermidades de impacto nas mulleres. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| As mulleres de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar as actividades en xaneiro de 2025. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos públicos e canles de difusión e comunicación. |
| **Persoais** | Persoal municipal e persoal subcontratado, no seu caso. |
| **Económicos** | Custo en caso de externalización de formación.<br>Custo deseño materiais. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 4:**
**Tempo propio: a saúde, o deporte, o lecer.**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 4.2** |
| Ensinando a coidarse. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Servizos Sociais. |

| MEDIDA 4.2 | INDICADORES |
|---|---|
| Conxuntamente coas ANPAS e o Centro de Saúde, impulsar un Programa de actividades saudables nos centros educativos dirixidos á cativada e á adolescencia que, entre outras, inclúa, a saúde mental, os hábitos alimenticios, a saúde física e o non sedentarismo. | Nª participantes.<br>Nº actividades.<br>Nº alumnado participante e % de participantes por sexo. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Cativada e adolescencia de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en setembro de 2024 e vixente todo o Plan. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos públicos e centros educativos. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custo da externalización de actividades. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 4:**
**Tempo propio: a saúde, o deporte, o lecer.**

| **OBXECTIVO 4.3** |
|---|
| Incorporar a perspectiva de xénero nas actividades deportivas do Concello. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Deportes. |

| **MEDIDA 4.3** | **INDICADORES** |
|---|---|
| 1. Incorporar a perspectiva de xénero á política deportiva do Concello mediante a desagregación por sexo dos datos referidos á participación nas actividades deportivas municipais e respecto ás persoas formadoras e profesionais que imparten cursos, obradoiros ou modalidades deportivas en As Neves.<br>2. O Concello analizará semestralmente a ocupación e uso de todas as instalacións deportivas públicas do Concello por sexo, idade e actividade. | N.º de participantes en cada actividade ou disciplina deportiva e % por sexo.<br>N.º de formadores/as en actividades deportivas e % por sexo.<br>Datos do análise da ocupación e o uso dos espazos públicos por sexo.<br>Outros indicadores. |

| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
|---|
| A cidadanía de As Neves, especialmente a que practica deporte. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida a iniciar en maio 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Non aplica. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 4:**
**Tempo propio: a saúde, o deporte, o lecer.**

| **OBXECTIVO 4.4** |
|---|
| Potenciar a participación feminina nas actividades deportivas visibilizando os seus logros. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Deportes. |

| **MEDIDA 4.4** | **INDICADORES** |
|---|---|
| 1. Apoiar o deporte feminino e incentivar a participación de mulleres en todas as modalidades deportivas.<br>2. Visibilizar a mulleres deportistas tanto das Neves como doutros lugares poñendo en valor os seus logros a través de accións en centros educativos, deportivos e culturais da vila e as súas parroquias, para contribuír a promocionar os beneficios do deporte como eido de empoderamento.<br>3. Reforzar as subvencións e axudas municipais ás entidades e clubs deportivos, tendo en conta a presenza equilibrada por sexo nas directivas das entidades así como a porcentaxe de socios e socias. | Nº clubs femininos que participan en competicións.<br>N.º de equipos femininos que reciben apoio económico.<br>% mulleres nas directivas dos clubs e entidades deportivas locais.<br>N.º de deportistas visibilizadas.<br>N.º de socios/as nos clubs deportivos e % por sexo. |

| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
|---|
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida a iniciar en maio 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Incremento das axudas. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 5:**
**A cultura e a educación, imprescindible para a igualdade.**

| **OBXECTIVO 5.1** |
|---|
| Incorporar a perspectiva de xénero na política cultural. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Cultura. |

| **MEDIDA 5.1** | **INDICADORES** |
|---|---|
| 1. Mediante accións concretas, garantir a perspectiva de xénero na política e programación cultural equilibrando a presenza de mulleres e homes como protagonistas dos eventos culturais, membros de xurados, comisións festivas e demais eventos culturais que financie o Concello.<br>2. Crear mecanismos de análise e avaliación da participación das mulleres nos eventos culturais como concertos, obras teatrais, exposicións etc..<br>3. Reforzar a contratación de mulleres e grupos de música integrados por mulleres e homes en eventos organizados polo Concello tratando de equilibrar esta presencia. | N.º de participantes e % de mulleres nos actos públicos e eventos culturais.<br>N.º de exposicións, obras de teatro, concertos e proxectos culturais producidos e protagonizados por mulleres.<br>Mecanismos analíticos creados. |

| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
|---|
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida permanente a iniciar en xaneiro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos públicos e canles de comunicación. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Non aplica. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 5:**
**A cultura e a educación, imprescindible para a igualdade.**

| OBXECTIVO 5.2 |
|---|
| Reforzar accións contras as diferentes formas de violencia de xénero dirixidas á mocidade. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Educación.<br>Concellería de Mocidade. |

| MEDIDA 5.2 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Desenvolver un Obradoiro conxuntamente coa Anpas e o IES para a detección da violencia de xénero a través das RRSS e outras formas de machismo que teña como destinataria á poboación moza.<br>2. Desenvolver un Obradoiro sobre relacións igualitarias. | N.º de participantes e % por sexo.<br>N.º de obradoiros realizados. |

| PÚBLICO DESTINATARIO |
|---|
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en xaneiro de 2025. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos do IES. |
| **Persoais** | Persoal docente. |
| **Económicos** | Custo, no seu caso, da formación. |


As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves As Neves

## ÁREA DE ACTUACIÓN 6:
## Vidas libres de violencia de xénero.

| |
|---|
| **OBXECTIVO 6.1** |
| Ampliar recursos para combater a violencia de xénero. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Alcaldía.<br>Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Servizos Sociais. |

| MEDIDA 6.1 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Reforzar e institucionalizar con carácter permanente a coordinación na prevención da violencia de xénero a través da posta en marcha dunha Unidade de Apoio Local contra a violencia de xénero na que participen axentes sociais, xudiciais, policiais e económicos e garantir unha resposta local á asistencia ás vítimas por parte dos servizos de atención de todas as administracións, fundamentalmente dos servizos municipais.<br>2. Tramitar a solicitude o os trámites para o ingreso do Concello de As Neves no Sistema Viogen.<br>3. Reforzar e ampliar a cobertura do Programa *Xuntas*. | Indicadores da Unidade.<br>Nº reunións.<br>Persoal que a compón.<br>Accións de tramitación do Viogen.<br>Nº participantes *Programa Xuntas.* |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Mulleres vítimas de violencia de xénero. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en xuño de 2024. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos e materias públicos. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Non aplica. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 6:**
**Vidas libres de violencia de xénero.**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 6.2** |
| Elaborar materiais informativos en materia de violencia de xénero. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller. |

| MEDIDA 6.2 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Elaborar materiais municipais de sensibilización e información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre os seus dereitos, prestacións sociais, asistencia, acompañamento na toma de decisións, acompañamento a distintas instancias si se require etc... Este material será editado en formato accesible,<br>2. Difundir o material entre os servizos e oficinas públicas de todas as administracións situadas en As Neves, centro de saúde así como entre o comercio local, a hostalaría, perruqueirías, academias etc. | N.º materiais editados.<br>Nº de actividades formativas. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| As mulleres de As Neves, especialmente as vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Comezar en novembro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custo do material editado. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 6:**
**Vidas libres de violencia de xénero.**

**OBXECTIVO 6.3**

Promover a formación especializada para detección profesional da violencia de xénero.

**ÁREA RESPONSABLE**

Concellería de Igualdade e Muller.

Concellería de Mocidade.

| MEDIDA 6.3 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Impartir formación especializada dirixida a diferentes axentes en materia de violencia de xénero como persoal municipal de servicios sociais, deporte, cultura, mocidade para reforzar a atención temperá.<br>2. Impartir un curso especializado dirixido ás persoas que traballan no servizo de axuda no fogar co fin de detectar situacións de violencia.<br>3. Impulsar unha formación específica de profesionais para detectar situacións de violencia de xénero en mulleres con discapacidade ou situacións de dependencia. | N.º talleres e tipoloxía.<br>N.º de persoas participantes e % por sexo. |

**PÚBLICO DESTINATARIO**

Profesionais de diversos ámbitos.

**HORIZONTE TEMPORAL**

Iniciar en febreiro de 2024.

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos e canles de comunicación. |
| **Persoais** | Non aplica. |
| **Económicos** | Custo da formación. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 6:**
**Vidas libres de violencia de xénero.**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 6.4** |
| Previr o acoso sexual e por razón de sexo no Concello de As Neves. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Facenda, Emprego e Persoal. |

| MEDIDA 6.4 | INDICADORES |
|---|---|
| Deseñar, negociar e aprobar un Protocolo de Prevención do Acoso Sexual e de Acoso por Razón de Sexo no Concello de As Neves. | N.º de reunións para elaborar o Protocolo.<br>Mecanismos de denuncia.<br>Medidas de prevención.<br>Data de aprobación. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Persoas traballadoras municipais. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en marzo de 2024 e con vixencia establecida no propio Protocolo. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos e materias públicos. |
| **Persoais** | Persoal municipal, representantes políticos e RLT. |
| **Económicos** | Non aplica. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 6:
## Vidas libres de violencia de xénero.

| |
|---|
| **OBXECTIVO 6.5** |
| Mellorar os recursos de apoio das mulleres que sofren violencia e mellorar as súas condicións de vida e as do seu entorno próximo. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Facenda, Emprego e Persoal |

| MEDIDA 6.5 | INDICADORES |
|---|---|
| 1. Mellorar dos recursos municipais a mulleres vítimas e o seu entorno con medidas para facilitar a súa autonomía e independencia.<br>2. Reforzar a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia a través do Programa Xuntas, doutros programas de emprego e mediante o establecemento de convenios e acordos con empresas de As Neves que fomenten a empregabilidade destas mulleres.<br>3. Implantar medidas dende os servizos municipais que contribúan á mellora das condicións de vida dos e das menores a cargo de mulleres vítimas de violencia de xénero.<br>4. Poñer en marcha actuacións concretas de reparación emocional e material para as vítimas de violencia de xénero conxuntamente con outras administracións. | Nº melloras implantadas.<br>N.º mulleres que participan nos programas de inserción.<br>Medidas dirixidas a menores.<br>Accións de reparación emocional a vítimas. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| As mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Empezar en xaneiro de 2024 e con vixencia durante o Plan. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custo do reforzo dos recursos. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 6:**
**Vidas libres de violencia de xénero.**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 6.6** |
| Memoria e reparación ás vítimas da violencia de xénero. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Alcaldía. |

| **MEDIDA 6.6** | **INDICADORES** |
|---|---|
| Consensuar un espazo urbano-homenaxe en As Neves en recoñecemento e memoria das mulleres vítimas da violencia de xénero como acción de reparación, sensibilización, xustiza e pedagoxía social. | Espazo habilitado. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Novembro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos e materias públicos. |
| **Persoais** | Non aplica. |
| **Económicos** | Custo do espazo, no seu caso. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 6:**
**Vidas libres de violencia de xénero.**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 6.7** |
| Sensibilizar e implicar contra a violencia de xénero a través do deporte. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Deportes. |

| **MEDIDA 6.7** | **INDICADORES** |
|---|---|
| Impulsar a través do deporte local unha campaña con mensaxes igualitarias e contra a violencia de xénero, implicando a clubs e entidades deportivas de As Neves que se despregaran nos diferentes eventos deportivos. | N.º de campañas e accións de sensibilización.<br>N.º de entidades e clubs deportivos implicados.<br>N.º eventos deportivos. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía de As Neves e os clubs e entidades deportivas. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en outubro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos deportivos e canles de comunicación. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | O custo da campaña, no seu caso. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 7:
## Situacións de vulnerabilidade

| OBXECTIVO 7.1 |
|---|
| Analizar o impacto de factores de vulnerabilidade nas mulleres de as Neves. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Servizos Sociais. |

| MEDIDA 7.1 | INDICADORES |
|---|---|
| Deseñar un plan de actuacións integrais destinadas a erradicar as situacións de discriminación múltiple ou interseccional nas mulleres mediante a análise dos factores de vulnerabilidade con especial atención á idade, a discapacidade e a etnia. | N.º indicadores de vulnerabilidade.<br>Nº factores de interseccionalidade.<br>Nº factores detectados.<br>N.º medidas correctoras. |

| PÚBLICO DESTINATARIO |
|---|
| Mulleres en situación de vulnerabilidade. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Xaneiro de 2025. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Non aplica. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 7:
## Situacións de vulnerabilidade

| |
|---|
| **OBXECTIVO 7.2** |
| Reforzar o apoio económico a mulleres en situación de vulnerabilidade. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Servizos Sociais. |

| MEDIDA 7.2 | INDICADORES |
|---|---|
| 1.Implantar un protocolo para a atención social diversificada a mulleres en situación ou risco de exclusión social que inclúa un seguimento integral e continuado ata lograr a integración desexada, especialmente no mercado laboral, atendendo a variables como a idade, o nivel educativo e a procedencia.<br>2.Incluír nos baremos criterios para facilitar o acceso ás prestacións sociais municipais a mulleres en especial situación de vulnerabilidade. | Protocolo.<br>N.º prestacións sociais municipais.<br>N.º criterios incorporados<br>N.º indicadores para medir a situación de vulnerabilidade. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Mulleres en situación de vulnerabilidade. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida a iniciar en xuño de 2025. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custo da incorporación de novos criterios. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 7:
## Situacións de vulnerabilidade

| OBXECTIVO 7.3 |
| --- |
| Visibilizar a prostitución e a trata como unha forma de violencia contra as mulleres e violación dos Dereitos Humanos. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Alcaldía.<br>Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Servizos Sociais. |

| MEDIDA 7.3 | INDICADORES |
| --- | --- |
| Visibilizar, sensibilizar e actuar no marco das competencias municipais contra a prostitución, a trata e a explotación sexual de mulleres e nenas mediante campañas de sensibilización e declarar As Neves como Concello abolicionista da prostitución. | N.º actividades.<br>N.º de canles de difusión das campañas. |

| PÚBLICO DESTINATARIO |
| --- |
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en xaneiro de 2024. |

| RECURSOS | |
| --- | --- |
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custo da campaña e as accións formativas. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 7:
## Situacións de vulnerabilidade

| |
|---|
| **OBXECTIVO 7.4** |
| O impacto de xénero da inmigración e a emigración. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Servizos Sociais. |

| MEDIDA 7.4 | INDICADORES |
|---|---|
| Incrementar os servizos de atención, formación e asistencia a mulleres de etnia xitana, inmigrantes e emigrantes retornadas a través de cursos de alfabetización, de español e galego, e de asesoramento en trámites de estranxeiría, ante as institucións educativas, de emprego, da Seguridade Social ou ante as forzas e corpos de seguridade. | N.º accións formativas.<br>N.º participantes e % por sexo.<br>N.º profesorado e % por sexo.<br>Incremento recursos e % sobre o total.<br>Nº accións colaboración con asociacións. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Mulleres inmigrantes e emigrantes retornadas de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en abril de 2024 e vixente todo o Plan. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custo dos cursos. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 8:
## A participación, clave do empoderamento

| |
|---|
| **OBXECTIVO 8.1** |
| Crear o Consello Municipal da Igualdade. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Alcaldía.<br>Concellería de Igualdade e Muller. |

| MEDIDA 8.1 | INDICADORES |
|---|---|
| Crear o Consello Municipal de Igualdade de As Neves como espazo de debate e participación das mulleres en todos os asuntos da vida local. O Concello cederá os espazos e as infraestruturas. | Asociacións e persoas que forman o Consello.<br>Nº reunións celebradas.<br>Nº actividades e programas. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| Mulleres de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Empezar en marzo de 2024. |

| RECURSOS | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos e infraestruturas públicas. |
| **Persoais** | Non aplica. |
| **Económicos** | Non aplica. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 8:**
**A participación, clave do empoderamento**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 8.2** |
| Seguir impulsando o tecido asociativo das mulleres. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Concellería de Igualdade e Muller. |

| **MEDIDA 8.2** | **INDICADORES** |
|---|---|
| 1. Dinamizar o tecido asociativo feminino de As Neves a través de convenios de colaboración coas asociacións de mulleres para o desenvolvemento de programas de intervención con mulleres en todas as parroquias e ceder espazos municipais para as súas actividades.<br>2. Implicar ás asociacións de mulleres nas actividades do 25 de novembro e do 8 de marzo. | N.º de convenios.<br>N.º de programas.<br>Nº de actividades. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en decembro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custo dos convenios. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 8:**
**A participación, clave do empoderamento**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 8.3** |
| Presenza equilibrada. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Alcaldía. |

| **MEDIDA 8.3** | **INDICADORES** |
|---|---|
| Aprobar un protocolo municipal que garanta a presencia equilibrada de homes e mulleres en todos os órganos, xurados, comisións ou comités constituídos. | Protocolo.<br>% Presenza equilibrada. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Medida a iniciar en xaneiro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Non aplica. |

## ÁREA DE ACTUACIÓN 9:
## Espazo urbano e mobilidades

| |
|---|
| **OBXECTIVO 9.1** |
| Visibilizar ás mulleres no rueiro de As Neves. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Alcaldía.<br>Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería de Márketing, Comunicación, Turismo, Comercio, Parques e Xardíns.<br>Concellería de Cultura. |

| **MEDIDA 9.1** | **INDICADORES** |
|---|---|
| Actualizar o nome de rúas e outros espazos municipais para ir incorporando nomes de mulleres destacadas na saúde, a economía, os movementos sociais, a política, a educación, o deporte, a cultura etc. contribuíndo así a súa visibilización. | N.º rúas, prazas, parques ou edificios públicos con nomes actualizados. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en xaneiro de 2024. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Non aplica. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custos derivados das novas placas cos nomes de mulleres. |

**ÁREA DE ACTUACIÓN 9:**
**Espazo urbano e mobilidades**

| |
|---|
| **OBXECTIVO 9.2** |
| Implantar medidas de seguridade con perspectiva de xénero. |
| **ÁREA RESPONSABLE** |
| Alcaldía.<br>Concellería de Igualdade e Muller.<br>Concellería Márketing, Comunicación, Turismo, Comercio. Parques e Xardíns.<br>Concellería de Cultura. |

| MEDIDA 9.2 | INDICADORES |
|---|---|
| Reforzar a seguridade da vila en festas a través de puntos violeta contra as agresións sexuais e implicar a comercios, taxis e hostalería a través de medidas de sensibilización. | N.º espazos violeta. Indicadores.<br>N.º charlas informativas, temática, persoas participantes e % por sexo. |

| |
|---|
| **PÚBLICO DESTINATARIO** |
| A cidadanía de As Neves. |
| **HORIZONTE TEMPORAL** |
| Iniciar en novembro de 2024 e vixente todo o Plan. |

| **RECURSOS** | |
|---|---|
| **Materiais** | Espazos públicos. |
| **Persoais** | Persoal municipal. |
| **Económicos** | Custos derivados da creación de materiais para as accións de sensibilización. |

# COORDINACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO III PLAN DE IGUALDADE

## COORDINACIÓN E SEGUIMENTO

O seguimento permite coñecer o grao de desenvolvemento das medidas e consecución dos obxectivos ademais de identificar os recursos, metodoloxías e procedementos postos en marcha no desenvolvemento.

Para a coordinación e seguimento e avaliación deste Plan crearase unha **Mesa de Seguimento** que velará polo cumprimento dos obxectivos recollidos e se encargará da axeitada coordinación de todas as áreas e entidades participantes no desenvolvemento das medidas aprobadas.

A Mesa, que terá unha composición paritaria, terá un carácter permanente durante a vixencia do Plan.

Estará presidida pola persoa titular de Alcaldía e formarán parte da mesma a, entre outras persoas que se determinen posteriormente:

- 1 persoa en representación da Concellería de Igualdade e Muller.
- 1 persoa en representación da Concellería de Servizos Sociais.
- 1 persoa en representación da Concellería de Cultura.
- 1 persoa en representación da Concellería de Educación.
- 1 persoa en representación da Concellería de Facenda, Persoal e Emprego.
- 1 persoa en representación da Concellería de Comunicación.
- 1 persoa en representación da Concellería de Medio Rural e Medio Ambiente.
- 1 persoa en representación da Concellería de Deportes.
- 1 persoa da Policía Local.

- 1 persoa do Consello Climático Asesor Xuvenil de As Neves.
- 1 persoa por cada Anpas.
- 1 persoa por cada centro educativo.
- 1 persoa do centro de saúde.
- 1 persoa da asociación de mulleres rurais.

Entre as funcións da Mesa están:

- Convocar e celebrar, alo menos, unha reunión anual, durante os 4 anos de vixencia do Plan.
- Seguimento e coordinación da implantación do Plan a través das medidas e actividades recollidas.
- Determinar accións para a mellora continua e retroalimentación permanente do Plan.
- Identificación das barreiras na implantación das medidas.
- Detectar os instrumentos para a mellora e poñelos en marcha, se fora preciso.
- Modificar o calendario de implantación, si fora necesario.
- Verificar os indicadores incorporados a cada medida e cumprimentalos a medida que se van poñendo en marcha.
- Outras que se determinen pola propia Mesa.

O seguimento iníciase dende o mesmo momento da entrada en vigor do Plan e ata o remate do seu período de vixencia, xusto antes de empezar a avaliación final.

Os indicadores incorporados a cada medida do Plan proporcionan a información axeitada sobre o cumprimento de cada medida. A maioría destes indicadores son cuantitativos e están deseñados para proporcionar información sobre os resultados das actividades.

As fontes de información para o cumprimento dos indicadores de xénero deste Plan son indicadores de resultados e de impacto tales como:

- Número de medidas e accións.
- Nª de persoas que acceden ás actividades por sexo.
- % de mulleres nas actividades.
- Nº de asociacións, entidades, empresas ou administracións implicadas.
- Nº de reunións.
- Nº de accións de difusión.
- Impactos.
- Memorias.
- Nº de evidencias.
- Impacto en medios e RRSS.
- Nº de materiais editados.

Todos os indicadores están desagregados por sexo e recóllense perfectamente definidos e descritos para cada medida. Estes sinalarán os avances e os puntos máis febles que serán reforzados a través de cada actividade e medida. Unha vez implantado o Plan, os indicadores descritos permitirán medir os impactos, directos e indirectos, de cada unha das medidas e das actividades.

# AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO III PLAN

## AVALIACIÓN INTERMEDIA

Este III Plan será avaliado aos 2 anos da súa aprobación nunha avaliación intermedia que proporcionará información moi valiosa para poder implantar accións correctoras. Esta avaliación intermedia pode ser realizada por persoal interno do Concello.

Para que esta avaliación intermedia se leve a cabo correctamente, cada área do Concello con responsabilidade na execución de medidas debe enviar a información precisa sobre:

- Grao de realización das actuacións: Dificultades atopadas e Medidas correctoras.
- Cumprimento dos obxectivos segundo os indicadores incluídos en cada medida (pódense engadir novos indicadores que resulten de interese).
- Impacto nas persoas destinatarias, nas entidades e na sociedade en xeral.
- Propostas de modificación, especialmente as relativas ao calendario de implantación.

## AVALIACIÓN FINAL

A avaliación final do III Plan terá lugar ao rematar a vixencia do Plan e deberá ser realizada por un equipo externo e alleo á administración municipal para garantir a súa obxectividade. Esta avaliación analizará o cumprimento dos obxectivos a través dos indicadores e contará cunha explotación de datos estatísticos referidos a mulleres e homes de As Neves. Así, comprobará o grao de implantación das actividades e o seu impacto real na consecución da igualdade. Ademais, analizarase o impacto en medidos de comunicación e nas RRSS.

Analizará as accións concluídas, as que están en curso e as que non se executaron, dando conta das razóns que motivaron esta circunstancia.

Durante a avaliación comprobarase o grao de implantación das medidas, a realización de actividades, os obxectivos previstos e o seu impacto real na consecución da igualdade no Concello de As Neves.

# GLOSARIO

**Igualdade entre mulleres e homes**: dereito constitucional e ausencia de toda discriminación ás mulleres independentemente da súa circunstancia ou condición, en tódolos eidos da vida, nomeadamente nos eidos político, económico, laboral, social e cultural.

**Igualdade de xénero**: igualdade de oportunidades e dereitos entre as mulleres e os homes nas esferas privada e pública que lles brinde e garante a posibilidade de levar a cabo a vida que desexen.

**Igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes:** principio do ordenamento xurídico en virtude do cal deben ser interpretadas e aplicadas as normas xurídicas (artigos 1, 3 e 4 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes).

**Xénero**: construción sociocultural que diferencia e configura os roles, as percepcións e os status das mulleres e dos homes na sociedade.

**Sexismo**: idea que defende que as mulleres e os homes deben desempeñar roles sociais distintos.

**Diagnose de igualdade:** análise detallado da situación sobre a igualdade entre mulleres e homes nun determinado contexto durante o cal se recolle información e datos que son estudados para extraer conclusións e formular propostas para integrar no Plan de Igualdade.

**Discriminación contra as mulleres**: distinción, exclusión ou restrición baseada no sexo e que ten por obxecto o propósito de menoscabar ou anular o recoñecemento, goce ou exercicio por parte das mulleres, independentemente do seu estado civil, sobre a base da igualdade do home e a muller, dos dereitos humanos e liberdades fundamentais nas esferas política, económica, social, cultural, civil e calquera outra. (CEDAW).

**Discriminación directa por razón de sexo**: a situación menos favorable na que se atopa ou pode atoparse unha persoa respecto doutra en situación comparable en atención ao seu sexo. (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, artigos 6.1 e 6.2).

**Discriminación indirecta por razón de sexo**: a situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas doutro, salvo que dita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima e que os medios para acadar dita finalidade sexan necesarios e axeitados.(Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, artigos 6.1 e 6.2).

**Corresponsabilidade**: participación igualitaria non sexista entre homes e mulleres no traballo non remunerado e dos coidados.

**Conciliación**: capacidade para compatibilizar o traballo doméstico co traballo remunerado e superar a dobre xornada.

**Composición equilibrada**: a presencia de mulleres e homes de xeito que, no conxunto dun grupo humano, as persoas de cada sexo non superan o 60% nin están por debaixo do 40%.

**Políticas e medidas de conciliación**: medidas que propician as condicións para acadar un equilibrio entre as responsabilidades persoais, familiares e laborais.

**Perspectiva de xénero**: análise social que sitúa no centro o sexismo e as consecuencias negativas para as mulleres.

**Indicadores de xénero**: datos estatísticos desagregados por xénero co obxectivo de coñecer a presenza de homes e mulleres e a situación de discriminación que mostran ditas estatísticas.

**Mainstreaming**: estratexias que deben tomar en conta a búsqueda da igualdade sen discriminación sexista.

**Paridade**: igualdade de feito e de dereito entre homes e mulleres.

**Fenda salarial**: diferenzas salariais entre mulleres e homes, tanto no desempeño de traballos iguais como a producida en traballos "feminizados".

**Patriarcado**: estrutura social e política baseada nunha xerarquía na que os homes teñen máis poder político e máis presencia social.

**Transversalidade**: estratexia de integración da igualdade entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e ámbitos de intervención, a tódolos niveis e en todas as etapas da vida.

**Accións positivas**: medidas de impulso e promoción establecidas polos poderes públicos co fin de garantir a igualdade entre mulleres e homes mediante a eliminación de desigualdades que non son corrixibles pola soa formulación do principio de igualdade xurídica ou formal. Estas medidas deben razoables, proporcionais e temporais e estarán vixentes mentres subsistan as desigualdades que constitúen a súa razón de ser (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdade efectiva de mulleres e homes, artigo 11.1).

**Violencia de xénero**: todo acto de violencia baseado na pertenza da persoa agredida ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual, psicolóxico ou económico para a muller e para os seus fillos e fillas, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade.

# III Plan Municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

2024 - 2028

Deputación Pontevedra

Concello As Neves